

PLENO DO EXCMO. CONCELLO.- NUM. 17

SESION ORDINARIA DO 29 DE OUTUBRO DE 2007

ASISTENTES

Excmo. Sr. Alcalde	Iglesias Bueno, Marta
Abelairas Rodríguez, Isaura	Lago Rey, María Jesús
Alonso Pérez, Fco. Xabier	Larriba Leira, Elvira
Calviño Rodríguez, Xulio	López Atrio, Laura
Comesaña Abalde, Carlos	López Carreira, Xesús
Conde Gil, Jorge	López Font, Carlos
Díaz Vázquez, Raquel	Martiño Gómez, Antonio
Domínguez Olveira, Santiago	Méndez Piñeiro, María
Fidalgo Iglesias, Miguel	Molares Pérez, Lucía Emilia
Figueroa Vila, José Manuel	Porro Martínez, María Corina
García Míguez, María Angeles	Rivas González, Angel
González Sagarra, Javier Pablo	Rodríguez Díaz, Santos Héctor
Guerra Fernández, Javier Jorge	Veloso Ríos, Iolanda

NON ASISTE:

Coello Bufill, Antonio

No salón de Plenos da Casa do Concello de Vigo, as dez horas e cinco minutos do día vintenove de outubro do ano dous mil sete, coa Presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, D. Abel Ramón Caballero Álvarez, e asistencia dos concelleiros Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Alonso Pérez, Calviño Rodríguez, Comesaña Abalde, Conde Gil, Díaz Vázquez, Domínguez Olveira, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, González Sagarra, Guerra Fernández, Iglesias Bueno, Lago Rey, Larriba Leira, López Atrio, López Carreira, López Font, Martiño Gómez, Méndez Piñeiro, Molares Pérez (con atraso), Porro Martínez, Rivas González, Rodríguez Díaz e Veloso Ríos (con atraso), actuando como Secretario Xeral do Pleno que asina D. José Riesgo Boluda, constituíuse o Pleno da Excma. Corporación en sesión ORDINARIA conforme á convocatoria e segundo a orde do día remitida a todos os Sres. concelleiros coa antelación legalmente requirida. Non asiste o Sr. Coello Bufill. Están tamén presentes ás membros da Xunta de Goberno Local Sras. Maure Noia e Silva Rego e

máis o Interventor accidental, don Benjamín Suárez Sánchez.

O Presidente declara aberta a sesión en primeira convocatoria e procédese a tratar los asuntos da orde do día.

1.- (131).- ACTA ANTERIOR. (SESIÓN 03.09.07)

(Están ausentes o Sr. Coello Bufill e as Sras. Molares Pérez e Veloso Ríos).

Por unanimidade dos vinte e catro membros presentes da Corporación, dos vinte e sete que a constitúen de dereito e de feito, apróbase á acta correspondente á sesión ordinaria do Pleno da Corporación que tivo lugar o día 3 de setembro de 2007.

2.- (132).- DAR CONTA DE ESCRITOS DE ACEPTACIÓN DE DEDICACIÓN EXCLUSIVA DE CONCELLEIROS.

ANTECEDENTES.- Mediante escritos, números de Rexistro de entrada 70106152 e 70106153, de data 25 de setembro de 2007, os concelleiros do Grupo municipal do Partido Popular, don Carlos Comesaña Abalde e dona María Elvira Larriba Leira, respectivamente, comunican a súa aceptación para o desenvolvemento das súas funcións no réxime de dedicación exclusiva.

Do anterior a Alcaldía-Presidencia da conta ó Pleno da Corporación.

3.- (133).- AMPLIACIÓN DA PARTIDA DESTINADA A PRODUTIVIDADE NO ORZAMENTO DA XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO. EXPTE. 2673/40

ANTECEDENTES.- Con data 17 de setembro de 2007, o director dos Servizos Centrais da Xerencia Municipal de Urbanismo, coa conformidade da Xerente informa o seguinte:

“O Pleno deste Concello de Vigo, en sesión realizada o 28 de febreiro de 2005, aprobou con carácter definitivo o Orzamento Xeral do Concello (incluíndo os dous seus organismos autónomos, entre eles o desta Xerencia Municipal de Urbanismo) para o exercizo 2005, que se prorrogou ó exercizo 2006 e ó vixente 2007, en virtude do disposto polo artigo 169.6 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aprobou o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

No orzamento prorrogado deste Organismo Autónomo figura no estado de gastos (capítulo I), entre outras, a partida 4320.1500000 cunha consignación de 3.000 euros.

Esta consignación orzamentaria xa foi insuficiente nos exercizos 2005 e 2006, nos que se comprometeron crédito por importe de 49.341,85 euros e de 33.146,39 euros, respectivamente.

É necesario incrementar a cobertura orzamentaria existente para poder retribuír o especial rendemento, adicación e actividade extraordinaria desenvolta polo persoal propio da Xerencia neste exercizo 2007. Nalgúns casos, trátase de recoñecer funcións realizadas que superan as propias do posto polo que se lle retribúe.

A tal efecto, propónse o incremento do importe adicado a produtividade no orzamento vixente en 47.000 euros; existindo crédito dispoñible suficiente no montante global do capítulo I “Gastos de Persoal”.

En consecuencia e de conformidade coa normativa vixente na materia (artigo 23 da Lei 30/1984, do 2 de agosto, Lei de Medidas para a Reforma da Función Pública; artigo 5 e seguintes do Real Decreto 861/1986, do 25 de abril, RD polo que se establece o réxime de retribucións dos funcionarios da Administración Local; artigo 127.1.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Lei Reguladora das Bases de Réxime Local)...”

A seguir o asinante formula a proposta que se contén na parte dispositiva do presente acordo.

Con data 15 de outubro, o interventor xeral emite informe que figura no expediente e remata dicindo que:

“...Por conseguinte, do exposto despréndese que as xenéricas razóns que se esgrimen na proposta para solicitar a ampliación da contía global existente no orzamento do organismo para complemento de produtividade, na súa asignación individual deberanse concretar en criterios obxectivos que poñan de manifesto e xustifiquen o carácter excepcional e singular que debe presidir tal distribución nominativa, para adecuar tal contía de incentivos ó rendemento ó número de

efectivos ou ó grao de consecución de determinados obxectivos, todo isto para a debida e necesaria observancia na normativa legal citada."

O Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo, en sesión do 18 de outubro, propón ó Pleno da Corporación a aprobación da proposta citada anteriormente.

(Están ausentes o Sr. Coello Bufill e as Sras. Molares Pérez e Veloso Ríos).

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vinte e catro membros presentes da Corporación, dos vinte e sete que a constitúen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Ampliar a cantidade global destinada a produtividade no Orzamento da Xerencia Municipal de Urbanismo en 47.000 euros.

4.- (134).- AMPLIACIÓN DA PARTIDA DESTINADA A PRODUTIVIDADE DO ORZAMENTO DO ORGANISMO AUTÓNOMO MUNICIPAL PARQUE DAS CIENCIAS VIGO ZOO.

ANTECEDENTES.- Con data 24 de setembro de 2007, o director de Réxime Interior do organismo autónomo municipal Parque das Ciencias-VigoZoo, coa conformidade do interventor delegado, informa do que segue:

"O artigo 93.2 da vixente Lei 7/1985, reguladora das bases de Réxime Local, prescribese que "as retribucións complementarias, se aterán, así mesmo, á estrutura e criterios de valoración obxectiva das do resto dos funcionarios públicos. A súa contía global será fixada polo Pleno da Corporación dentro dos límites máximos e mínimos que se sinalen polo Estado".

O Real Decreto 861/1986, polo que se establece o réxime de retribucións dos funcionarios da Administración Local, no seu artigo 5 define o complemento de produtividade como aquela retribución complementaria destinada a retribuír o especial rendemento, a actividade extraordinaria e o interese da iniciativa co o que funcionario desempeña o seu traballo.

Na mesma disposición se atribúe a competencia para a fixación da cantidade global ao Pleno da Corporación Municipal, tanto con ocasión da aprobación inicial do documento orzamentario, como ao longo do exercizo económico naqueles supostos nos que se estime necesario incrementar a dotación do mencionado complemento.

Pola súa parte a asignación individualizada do complemento de produtividade

corresponde ao presidente do organismo autónomo administrativo, por transposición das atribucións establecidas en virtude da Lei á Xunta de Goberno Local, de conformidade co previsto no apartado letra h) do artigo 127 da vixente Lei 7/1985, segundo modificación introducida a través de Lei 57/2003.

O orzamento do organismo autónomo administrativo “Vigo-Zoo” atópase nunha situación de prórroga dos créditos iniciais previstos para o exercizo económico 2005, ao non ter recaído acordo expreso de aprobación nos dous últimos anos. Ante tal situación excepcional, o Consello de Administración atópase ante a ineludible obriga de adecuar, sucesivamente, a configuración cuantitativa do Capítulo I do estado de gastos, co fin de reflectir as variacións experimentadas nas retribucións dos funcionarios das administracións públicas, a teor do establecido nas Leis de Orzamentos Xerais do Estado respectivas, e isto a través das correspondentes modificacións de crédito.

A dotación actual da partida orzamentaria, á que resulte de imputación os complementos de produtividade, é claramente insuficiente para atender os dereitos xa devengados e os compromisos futuros que resulten a favor do persoal ao servizo do organismo autónomo, sendo posible a súa cobertura mediante a redución de crédito doutras partidas de gasto “non vinculado” do mesmo capítulo.

Así mesmo parece conveniente salientar que a ausencia de acordo expreso, que permita o incremento das dotacións orzamentarias da partida destinada a “complemento de produtividade” no presente exercizo económico, supoñería trasladar o recoñecemento desta obriga ao próximo orzamento, introducindo tensións innecesarias na redacción do proxecto de orzamento que deberá rexer a partir do 1 de xaneiro de 2008 ou, no seu caso, dende a data na que se declare executivo o acordo de aprobación definitiva.

Polo anteriormente exposto, o funcionario informante emite a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

O Consello de Administración do Parque das Ciencias- VigoZoo, en sesión do 28 de setembro, aproba por unanimidade a devandita proposta.

A comisión informativa de Xestión Municipal, en sesión do 22 de outubro, ditamina favorablemente.

(Están ausentes o Sr. Coello Bufill e as Sras. Molares Pérez e Veloso Ríos.

VOTACIÓN E CORDO.- Por unanimidade dos vintecatro membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constitúen de dereito e de feito, acórdase:

Primeiro.- Se autorice o incremento da partida orzamentaria 452.3.151.00.00 “complemento de produtividade”, do orzamento do organismo autónomo Vigo-Zoo, na contía de 35.000,00 €, en cumprimento do preceptuado no artigo 5 do Real

Decreto 861/1986, do 25 de abril.

Segundo.- O acordo que no seu caso se adopte, servirá de base para a incoación dun expediente de modificación orzamentaria por transferencia de crédito de partidas do Capítulo I, que se someterá á aprobación do órgano competente do organismo autónomo.

5.- (135).- AMPLIACIÓN DAS PARTIDAS DE PRODUTIVIDADE E GRATIFICACIÓN DO IMD E MODIFICACIÓN DE CRÉDITO A TRAVÉS DO SUPLEMENTO DE CRÉDITO 04/2007

ANTECEDENTES.- Con data 15 de outubro de 2007 o presidente da Xunta Reitora do IMD ordena a iniciación do expediente de modificación de crédito mediante suplemento de crédito para atender á situación orzamentaria vixente no IMD e de xeito particular nos capítulos I e II.

O director técnico do IMD, con data 16 do mesmo mes, remite informe que figura no expediente, relativo á solicitude de autorización do incremento das partidas orzamentarias 452.2.150.00.00, produtividade, e 452.2.151.00.00, gratificacións, e modificación de crédito mediante suplemento de crédito (4/2007) para dar cobertura ás necesidades correspondentes ós capítulos I e II do orzamento do IMD, en base á aplicación do suplemento de crédito núm. 110/2007 realizada pola entidade local a favor dese organismo autónomo.

En virtude do citado informe, o director técnico do IMD emite a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

Con data 16 de outubro, o interventor xeral emite informe que remata coas seguintes consideracións:

"1.- A memoria a que se refire o artigo 37 do RD 500/90 e a base 8ª das de execución do orzamento, substitúese no expediente por informe-proposta do director técnico do IMD, e os requisitos requiridos pola normativa vixente relativos ó carácter específico do gasto a realizar e a imposibilidade do demorar a exercizos posteriores, así como a acreditación da insuficiencia de saldo de crédito non comprometido na partida a suplementar, xustifícase no expediente sometido a informe de forma xenérica, aludindo a que a situación de déficit orzamentario derivado da prórroga obriga a cubrir unha serie de necesidades básicas relacionadas co funcionamento operativo dos servizos que presta o OA, entendendo

o funcionario que subscribe que para os casos de retribucións do persoal laboral fixo (4522.130.00.00 retribucións) debería subliñarse en concreto a que situacións concretas de déficit se pretende dar resposta. No caso do mantemento e conservación de edificios (4522.212.00.00) qué actuacións específicas que non se poden demorar a un exercizo posterior son as que se pretenden acometer. Polo que respecta ós gastos de consumo enerxético, debería ser obxecto dunha maior concreción. E respecto ás retribucións complementarias de carácter variable remitímonos ó exposto anteriormente no presente informe.

2.- Polo que se refire ó medio de financiamento utilizado que consiste, como se deixa indicado, en maiores ingresos sobre os totais previstos nalgún concepto do orzamento corrente, require a normativa vixente que se atopen efectivamente recadados, aspecto este que non consta acreditado no expediente.

3.- Igualmente a normativa de aplicación require que no suposto de que se utilice como medio de financiamento maiores ingresos, que se acredite no expediente que o resto dos ingresos do orzamento veñen realizándose con normalidade. Non concreta a normativa que condicións deben darse para que se entenda que tal normalidade ten lugar, pero en calquera caso, entende o funcionario que subscribe que tal requisito se refire a algo máis que a xeneralidade contida no expediente de que *"...os ingresos previstos axústanse ás previsións do orzamento vixente"*. Consideramos e recomendamos que esta falla de concreción por parte da normativa vixente respecto de que se debe entender por "normalidade" ós efectos de cumprimento deste requisito legal, se subsane pola vía da súa regulación e concreción nas bases de execución dos vindeiros orzamentos do Concello.

4.- Tendo en conta que os importes da modificación de crédito proposta e do recurso financeiro utilizado son coincidentes, mantense o equilibrio orzamentario que require o artigo 16.2 do Real decreto 500/90, do 20 de abril.

5.- Segundo os artigos 177.2 TRLRFL e 38 RP, serán de aplicación ós expedientes de suplementos de crédito as normas sobre aprobación, información, reclamacións, publicidade e recursos contenciosos-administrativos aplicables ós orzamentos."

A Xunta Rectora do Instituto Municipal dos Deportes, en sesión do 19 de outubro, propón ó Pleno da Corporación a aprobación da proposta emitida polo director técnico do IMD citada anteriormente.

A comisión informativa de Xestión Municipal, en sesión do 22 de outubro, ditamina favorablemente.

(Están ausentes o Sr. Coello Bufill e as Sres. Molares Pérez e Veloso Ríos).

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vinte e catro membros presentes da Corporación, dos vinte e sete que a constitúen de dereito e de feito, acórdase:

Primeiro.- Autorizar a implementación de créditos da partida 452.2. 150.00.00, produtividade, nunha contía máxima (55.000,00 €) coa finalidade de dar efectivo cumprimento ás necesidades vinculadas coa realización de tarefas de especial rendemento, así como diferencias de funcións realizadas por diversos traballadores ou traballadoras do IMD que se veñen producindo de forma específica con motivo das variacións e diversidade dos programas de actuación deportiva executados dende os servizos que presta o IMD.

Así mesmo, autorizar a implementación de créditos da partida 452.2 151.00.00, gratificacións, nunha contía máxima de (20.000,00 €) coa finalidade de dar efectivo cumprimento ao acordo plenario de data 31 de marzo do 2006, sobre incremento do importe das gratificacións en concepto de hora nocturna, hora festiva e traballos extraordinarios realizados no 24 e 31 de decembro, recollidos nos parágrafos 6 e 9 do artigo 10 e no artigo 16.B.a), parágrafo segundo, do vixente “Acordo regulador das condicións económicas e sociais dos traballadores ao servizo do Concello de Vigo” e de aplicación para o persoal do IMD, así como ao previsto nas vixentes Instrucións de plantilla deste Concello, aprobadas por acordo da Xunta de Goberno Local de data 30/05/2005 (BOP nº 108, do martes 7 de xuño do 2005) en canto ao dereito do persoal municipal á percepción de gratificacións en concepto de servizos extraordinarios fóra da xornada laboral.

Segundo.- Aprobar a modificación orzamentaria, por suplemento de crédito (4-2007) do IMD, en relación ós seguintes conceptos:

a) Conceptos de ingreso en alta

ORIXE

<u>PARTIDA</u>	<u>CONCEPTO</u>	<u>IMPORTE</u>
40000	Subvención municipal	127.000,00 €

b) Partidas de aplicación incrementadas

APLICACIÓN

<u>PARTIDA</u>	<u>CONCEPTO</u>	<u>IMPORTE</u>
4522.130.00.00	Retribucións	22.000,00 €
4522.150.00.00	Produtividade	55.000,00 €.
4522.151.00.00	Gratificacións	20.000,00 €.
4522.212.00.00	Mantemento e conservacións edificios	15.000,00 €.
4522.221.00.00	Subministro de enerxía eléctrica	15.000,00 €.

Total

127.000,00 €.

Neste intre se incorpora á sesión a concelleira Sra. Veloso Ríos.

6.- (136).- EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITO EXTRAORDINARIO PARA ADQUISICIÓN DUN VEHÍCULO DE PROTECCIÓN CIVIL. EXP. 74100-210 ADQUISICIÓN VEHÍCULO.

ANTECEDENTES.- Con data 18 de outubro de 2007, a xefa de Transporte, coa conformidade do concelleiro delegado de Mobilidade, Transporte e Seguridade e máis da concelleira delegada de Economía e Facenda, manifesta o que segue:

"En data 10 de maio de 2007 solicitouse polo Concello, ao abeiro da orde da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a cesión en propiedade dun vehículo especialmente preparado para misións de Protección Civil.

Por resolución de data 28 de agosto de 2007 da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, apróbase a cesión en propiedade do citado vehículo, establecendo entre as condicións particulares de cesión que o Concello deberá aboar no prazo de 15 días hábiles á Xunta de Galicia (Tesouro da Xunta de Galicia, conta 2091-0300-47-3110063172) a cantidade de 4.665 euros en concepto de achega económica e 2.719 euros en concepto de gastos de matriculación e xestoría.

Como queira que non existe partida orzamentaria para facer fronte a esta obriga, pola Alcaldía dítase decreto polo que se ordena a incoación dun expediente de modificación de crédito extraordinario para dotar á partida 6240000 de adquisición de vehículos, por un importe de 7.564 euros.

Dita cantidade pode detraerse da partida 2220.2270605, Estudos e traballos técnicos."

Con data 19 de outubro, o interventor xeral emite informa favorablemente o expediente, ó se axustar a modificación solicitada á normativa legal esixible.

Na mesma data do 19 de outubro a concelleira delegada de Economía e Facenda formula a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

A comisión informativa de Sesión Municipal, en sesión do 22 de outubro, ditamina favorablemente a devandita proposta.

S. Ordinaria 29.10.07

(Están ausentes o Sr. Coello Bufill e a Sra. Molares Pérez).

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vintecinco membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constitúen de dereito e de feito, acórdase:

Primeiro.- Aprobar inicialmente a modificación orzamentaria núm. 143/07, relativa ao gasto que se relaciona no decreto de incoación, por un importe de 7.564 euros.

APLICACIÓN

<u>PARTIDA</u>	<u>CONCEPTO</u>	<u>IMPORTE</u>
2230.6240000	Adquisición vehículo	2.719,00
2230.7500000	Transf. Xunta cesión vehículo	4.665,00

ORIXE

<u>PARTIDA</u>	<u>CONCEPTO</u>	<u>IMPORTE</u>
2220.2270605	Estudos e traballos técnicos	7.564,00

Segundo.- Someter o expediente aos trámites de información e publicación previstos no artigo 169 do RD 2/2004, Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais. De non se presentar reclamación ou alegación ningunha no prazo de exposición pública, o acordo inicial elevarase a definitivo, entrando en vigor o día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

Explicación de voto do concelleiro do Grupo Popular, Sr. Figueroa Vila:

Que se recolla na acta que se amosa unha vez máis que a situación económica deste Concello non era a que dicía o goberno porque para aprobar as partidas de todos estes expedientes loxicamente tiña que haber fondos suficientes. Polo tanto unha vez máis se amosa claramente e xa se explicará nos vindeiros días, a situación económica que deixou o goberno do Partido Popular.

SR. LÓPEZ FONT: Do único que se trata aquí é dunha modificación de crédito extraordinario por unha contía absolutamente menor que está transferida doutra partida e precisamente para dar cumprimento a unha petición de subvención do anterior goberno. É un vehículo para Protección Civil entendendo que paga a pena

transferir esta cantidade no sentido de que é unha dotación máis para o servizo de Protección Civil do Concello e que é unicamente para aboar unha pequena axuda económica que esixe a Xunta de Galicia na Orde da convocatoria de subvencións e para a matriculación do vehículo. Insisto en que esta solicitude de subvención formulouse polo anterior equipo de goberno con data 10 de maio de 2007.

Eu comprendo que en cada punto que se trata neste Pleno volvan vostedes tentar xustificar a situación anterior pero non ten xustificación. A situación económica anterior foi suficientemente descrita neste Pleno e detallada pola concelleira de Economía e Facenda e trátase novamente de poñer atrancos a unha tarefa de goberno e sobre todo con accións que vostedes realizaron anteriormente e nós só damos cumprimento ó que viña de atrás entendendo que é bo para o Concello.

Semella un pouco sorprendente que se lle poñan pegas a esta situación pero dende logo non ten nada que ver coa situación económica xeral que denunciámos, que explicámos polo miúdo e que suficientemente se coñece tanto por este Pleno como polos cidadáns.

SR. FIGUEROA VILA: Coido que entendeu mal. Non falo do punto 6 só; falo do 3, 4, 5 e 6.

A PRESIDENCIA: Sr. Figueroa, vostede refírese a todos pero pediu a palabra logo dunha votación concreta. A persoa que lle acaba de contestar entendeu que se refería só a un punto.

SR. LÓPEZ FONT: Entendo que non procede o que acaba de dicir o Sr. Figueroa e trata de distinta maneira os puntos da orde do día dependendo de que vaian, é dicir, non puxo ningunha obxección, nin explicou o voto nos puntos anteriores porque evidentemente eran cuestións que reiteradamente nas ampliacións de produtividade e gratificacións viña facendo o anterior goberno. Insisto en que parece mentira que se poña algún atranco para algo tan importante neste Concello como é facerse cun vehículo máis para o servizo de Protección Civil dentro do marco de subvencións da Xunta.

7.- (137).- CAMBIO DE DENOMINACIÓN DO COLEXIO PÚBLICO DE EPA ARTES E OFICIOS. EXPTE. 8657/332.

ANTECEDENTES.- Con data 9 de outubro de 2007, o xefe do Servizo de Educación, coa conformidade da concelleira delegada, informa do que segue:

"A dirección do Centro Público de Educación Permanente de Adultos "Artes e Oficios" solicita, mediante escrito de data de entrada no Rexistro municipal do día 16.04.2007, que o Concello de Vigo preste a súa conformidade do cambio de nome deste centro, sito na rúa Marqués de Valterra, 8-1º da nosa cidade, para que se chame "Centro Público de Educación Permanente de Adultos Berbés".
Vista a dilixencia da xefa de Negociado de Base de Datos, considérase que non existe inconveniente en acceder ao solicitado."

Polo exposto o funcionario informante emite a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

A comisión informativa de Xestión Municipal, en sesión do 22 de outubro de 2007, ditamina favorablemente a devandita proposta.

(Están ausentes o Sr. Coello Bufill e Molares Pérez).

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vintecinco membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constitúen de dereito e de feito,

ACÓRDASE

Prestar conformidade para que o Centro Público de EPA Artes e Oficios pase denominarse "CENTRO PÚBLICO DE EDUCACIÓN PERMANENTE DE ADULTOS BERBÉS", consonte coa solicitude da dirección do centro.

Neste intre e en cumprimento de acordo plenario, a Corporación e máis todos os asistentes no salón de Plenos, postos en pé, gardan un minuto de silencio polas vítimas da violencia de xénero.

8.- (138).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR RELATIVA Á PROBLEMÁTICA DO CASCO VELLO.

ANTECEDENTES.- O concelleiro do grupo municipal do Partido Popular, Sr. González Sagarra, por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 9 de outubro de 2007, propón para o seu debate en sesión plenaria a seguinte moción:

"Durante os últimos meses nos atopamos como se xeraba entre os veciños e veciñas do Casco Vello polémica e malestar polo deterioro da súa calidade de vida cotiá, debido en gran medida a causas de índole medioambiental.

Este malestar tivo o seu reflexo en concentracións e manifestacións no barrio que recolleron en artigos e imaxes os medios de comunicación. Así, puidemos ver como os afectados denunciaban publicamente o deterioro e abandono do contorno da Praza do Berbés por motivos hixiénico-sanitarios, definindo os veciños o estanque que alí se atopa como "unha fonte de infeccións e sucidade ao ser usada como piscina polas gaivotas e como colector de lixo nas noites de botellón".

Igualmente, os diferentes colectivos do Casco Vello maniféstanos os problemas orixinados por estes animais no mercado do Berbés, onde as gaivotas aniñan, rompendo tellas e chegando taponar os desaugues, como consecuencia das dexeccións nos caneiros, o que resulta moi complexo de limpar e subsanar.

O problema coas aves sen controlar, tanto pombas como gaivotas, prexudica ao turismo e á actividade comercial da zona; en concreto á hostalería, restauración, comercios e mercado do Berbés, entre outros sectores, debido ós estragos que producen rompendo vasos e xantando todo o que atopan diante sen temor a presenza humana.

Por outra banda, tamén se detectan problemas respecto ó horario e á frecuencia da recollida de lixo dos colectores no contorno do mercado da Pedra. Nestas condicións, algúns comerciantes, sendo conscientes do problema hixiénico-sanitario e no seu espírito de colaborar a non incrementar o problema, almacenan os residuos en pequenos espazos da súa propiedade para non crear problemas maiores. Neste senso parécenos insuficiente o mobiliario urbano de papeleiras, colectores de lixo e reciclaxe, etc, tendo en conta á actividade socioeconómica que alí se desenvolve.

Pensamos que o goberno da cidade ten o deber de atallar o problema presentado de degradación medioambiental, hixiénico e sanitario, mellorando a calidade de vida dos veciños e veciñas favorecendo un adecuado desenvolvemento social e económico do barrio histórico da cidade.

Por todo isto, o Grupo Municipal do Partido Popular propón ó Pleno da Corporación do Concello de Vigo as seguintes propostas:

1.- Incrementar ó número de colectores de lixo e reciclaxe en determinadas rúas, reforzando ademais, especialmente en función das necesidades de tempada, a frecuencia da recollida de lixo.

2.- Poñer en marcha un plan para a instalación de colectores soterrados, onde as condicións do terreo o permitan e de forma inmediata nos puntos de máxima conflictividade.

3.- Reforzar a limpeza da Praza do Berbés e incrementar a frecuencia da renovación da auga do estanque da praza, atopando a solución definitiva ó problema de maneira conxunta cos colectivos afectados.

4.- Un plan de control sanitario da fauna sen controlar, con medidas directas e indirectas fronte á presenza de gaivotas nas zonas onde de acordo cos veciños do Casco Vello se considere máis urxente, coa finalidade de evitar o aniñado e as molestias que xera."

A comisión informativa de Servizos Xerais, en sesión do 22 de outubro, quedou enterada do contido da anterior moción.

DEBATE.- SR. GONZÁLEZ SAGARRA: Con esta moción pretendemos presentar unha serie de iniciativas co obxectivo de que solucionen as deficiencias e as necesidades dos veciños do Casco Vello e dos distintos colectivos do barrio, sobre todo e fundamentalmente en canto a cuestións de índole medioambiental e hixiénico-sanitarias.

É verdade que non é a primeira vez que se debate sobre estas cuestións e estou seguro de que todos os aquí presentes desexamos para o barrio histórico de Vigo o mellor en todos os sentidos e que sexa un elemento de orgullo para a cidade. Pero tamén é certo que nos últimos meses se incrementaron as protestas dos veciños que ademais se viron claramente reflectidas nos medios de comunicación.

Pola nosa banda constatamos problemas de limpeza polo insuficiente mobiliario urbano: papeleiras, colectores de lixo e reciclaxe, etc., tendo en conta a actividade económica que alí se desenvolve e tal como ademais nos indicaron os diferentes colectivos afectados.

Escoitamos queixas respecto ó horario e frecuencia de recollida de lixo dos colectores no contorno do mercado da Pedra e algúns comerciantes mesmo nos chegaron dicir que está no seu espírito colaborar e por iso mesmo chegaron almacenar os residuos nos seus propios locais.

Por todo iso e baixo o noso punto de vista deberíase reforzar nas épocas máis problemáticas a recollida do lixo e neste sentido hai exemplos como é o caso da rúa Fermín Penzol onde hai colectores que sempre se enchen de gaivotas sinxelamente

porque están a botar por fóra e evidentemente as tapas quedan abertas.

Outra cuestión é a dos colectores de reciclaxe que nalgúns casos, como é o da rúa Cánovas del Castillo, faltan debido a que se queimaron, desapareceron tras algunha das folgas que houbo, concretamente en maio. Tamén se detecta a súa ausencia noutras zonas como pode ser na praza da Porta do Sol, na rúa San Francisco, entre outras.

Coidamos ademais que é interesante a instalación de colectores soterrados nas zonas onde sexa posible e non só por unha cuestión de hixiene, senón por unha dobre cuestión estética. Conscientes diso, o goberno anterior preparou axeitadamente algunhas zonas, como é a Praza de Chao, para a instalación deste tipo de colectores.

Por outra banda existe un problema coa fauna sen controlar, fundamentalmente coas gaivotas aínda que se pode facer extensible tamén a outra poboación de pombas que prexudican o turismo e a actividade comercial da zona: hostalería, restauración, comercios e Mercado do Berbés, debido ós estragos que provocan rompendo vasos e comendo todo o que se lles pon ó seu alcance, sen temor á presenza humana. Concretamente no Mercado do Berbés chegan aniñar rachando as tellas e finalmente chegan taponar os desaugadoiros debido ás dexeccións nos canles o que é posteriormente moi difícil de limpar e subsanar.

Por todo iso coidamos chegado o momento de controlar e tomar medidas fronte estes animais cos que nós non temos nada en contra, pero é verdade que hai outras cidades onde xa se fixo, por exemplo recentemente en Venecia tomáronse medidas concretamente contra as pombas. Pensamos que tamén sería positivo o control en zonas como a Praza da Independencia, Praza da Constitución, Praza da Pescadería, etc. En resumo, o que nos aconsellan os técnicos consultados é actuar cando hai queixas que na maioría dos casos se debe a caída de pitos, rúidos, desperfectos nos tellados e estruturas dos edificios e sucidade.

Por outra banda temos a polémica xerada en torno á Praza do Berbés onde puidemos ver como os afectados denunciaban publicamente o seu deterioro por motivos hixiénico-sanitarios, definindo os afectados o estanque que alí se atopa como unha fonte de infeccións e sucidade ó seren usada como piscina polas gaivotas e como colector de lixo nas noites do botellón.

Estes problemas agraváronse recentemente coa inauguración dun parque infantil

na mesma praza porque, como é evidente, a presenza de nenos e mozos aumentou considerablemente e polo tanto coidamos necesaria unha solución o máis rápida e eficaz a esta situación para evitar problemas a maiores que ninguén desexa.

Na Praza do Berbés, concretamente na fonte, coidamos necesario un reciclado e tratamento da auga moito máis frecuente do que se fai hoxe en día, mesmo nalgunha ocasión pode ser unha necesidade inmediata se chega morrer algún animal como case pasou ultimamente.

Por iso as medidas que propoñemos, que son razoables, non son excesivas, nin pretendemos con elas buscar o conflito ou a polémica, son as seguintes: aumentar por unha banda o número de colectores de lixo e reciclaxe en determinadas rúas reforzando ademais especialmente en función das necesidades de tempada a frecuencia de recollida; poñer en marcha un plan para a instalación de colectores soterrados nos puntos de maior conflitividade só e exclusivamente onde as condicións o permitan; realizar un reforzo de limpeza na Praza do Berbés, incremento do cambio da auga da fonte da mesma praza buscando solucións definitivas de xeito conxunto cos colectivos afectados. Por último un plan de control sanitario da fauna sen controlar, con medidas directas e indirectas fronte as gaivotas nas zonas onde, de acordo cos veciños do Casco Vello, se considere máis urxente coa finalidade de evitaren as molestias que crean.

SRA. ABELAIRAS RODRÍGUEZ: Permítanme antes de entrar a fondo na moción presentada polo Sr. González Sagarra que faga un pouco de historia.

Querería lembrar que sendo responsable do servizo de limpeza, alá polos anos 2001-2002, fun eu quen se puxo de acordo cos veciños e comerciantes da zona para buscar a mellor forma de eliminación dos residuos, tendo especialmente coidado co contorno porque a zona onde estabamos era un casco histórico, o Casco Vello, e sempre de acordo cos comerciantes e veciños.

Chegamos colocar os colectores a partir das 9 da noite, retiralos a partir das 11 da noite, levalos para o almacén, lavalos e limpos traelos ó día seguinte. Lembrarlles que na rúa Real, en García Olloqui, onde está Vigofoto, baixada á rúa Laxe, había focos incontrolados de residuos. Vaian ós recortes de prensa e verán as fotos, por exemplo na zona do Hotel Bahía en que está absolutamente todo tirado.

Nas reunións que tivemos cos veciños dende as Concellerías de Turismo e de

Limpeza chegamos ó acordo de que eles mesmos habilitarían espazos dentro dos seus establecementos; comprenderá que estabamos a falar de restaurantes que teñen unha actividade moi grande no que respecta á xeración de residuos, sobre todo no verán. De acordo con eles habilitaron espazos dentro dos seus establecementos e comprometéronse a quitarlos á hora na que se facía a recollida.

Ó mesmo tempo se empezou facer unha recollida pola tarde na tempada de verán e na primavera, cando había máis afluencia de turistas.

Fomos quen de retirar os colectores, de concienciar ós cidadáns e cidadás, tamén fomos quen de que os restaurantes colaboraran con nós e a situación do Casco Vello estaba especialmente ben e de feito non se vía ningún colector, había só algunha bolsa de tipo residual que os mesmos veciños se encargaban de nos avisar que estaba alí e, ademais da que se facía pola tarde, facíase unha recollida manual para aquelas bolsas de lixo que se atopaban polas rúas. Quizais non saiba que se varría e se baldeaba con mangueras todos os días. Agora si me gustaría rememorar o que me atopei ó volver e así explicar o que fixeron vostedes.

Dun xeito totalmente irresponsable deixaron que todo se deteriorara, pasaron facer un *paripé* de baldeo pola mañá esquecendo que hai rúas nas que non entra a baldeadora como por exemplo a rúa Laxe que xamais se volveu baldear. Quizais non se dea conta, Sr. González Sagarra, que hai zonas onde non entran os vehículos de recollida da reciclaxe, que hai colectores instalados en Teófilo Llorente, Cánovas del Castillo, García Olloqui, etc. Por certo, xa lle anuncio que estamos a repoñer as papeleiras que vostedes non foron quen de poñer; anúnciolle que estamos traballando conxuntamente coa Concellería de Cascos Históricos para unha actuación conxunta.

Sr. González Sagarra, quizais vostede non saiba que foi o Partido Popular quen fixo esa praza, que a aterrou, quen nos agachou o mar, era o Sr. Egerique o presidente da Zona Franca. Alí había xardín, árbores, parque, deixaron unha zona totalmente deteriorada. Supoño que logo presentarán unha moción dicindo que se esvaran as pedras, que puxeron vostedes por certo.

Alégrome que presenten esta moción porque así están recoñecendo a chapuza que vostedes fixeron. Pero non se preocupen que dende as dúas concellerías, Cascos Históricos e no que atinxe a Servizos Xerais, nós arranxaremos o que vostedes non foron capaces de facer e só para que saiban como traballamos voules contar unha

anécdota.

O día da procesión do Cristo o alcalde deuse conta de que había unha serie de notas postas nas columnas nas que se pedía un parque infantil; pois ó día seguinte estaba dándome a orde de que se atendera esa petición, cousa que se fixo de contado e, por certo, decatámonos alí de que levaban anos pedindo ese parque infantil, había un neno que dicía que el estivera recollendo firmas. Nós atendemos ó que vostedes non foron quen de facer.

En canto á lámina de auga, non se preocupe que a estamos limpando unha vez ó mes e, por certo, a primeira vez que a limpamos acababan de saír vostedes e non se pode maxinar o que de alí sacamos. Seguirémolo facendo.

Traballamos conxuntamente cos veciños, co arquitecto Sr. Consuegra, coa Concellería de Cascos Históricos e seguiremos traballando para evitaren as molestias das que vostedes non se preocuparon.

Imos votar en contra da súa moción porque xa estamos actuando na zona. Imos facer todo aquilo que vostedes, señores do Partido Popular, sabedores da súa necesidade non quixeron acometer.

SR. GONZÁLEZ SAGARRA: Sra. Abelairas, está moi ben que vostedes se retrotraia ó 2001, agora tamén eu me vou retrotraer por exemplo ó proxecto do que fala; é un proxecto que todo o mundo sabe que é de López Peña, Carlos G. Príncipe e da actual ministra de Pesca, dona Elena Espinosa, que, por certo, para unha vez que víu no último mes e medio a Galicia fíxoo para lles mentir ós cidadáns na súa liña cotiá porque tamén dixo que o pan só tiña que aumentar un 10% porque os seus datos de suba do trigo eran que só aumentara un 10%; pois xa lle anticipo que aumentou un 100% no último ano, pero vostedes seguen na súa liña cotiá, iso é o normal.

O que é imposible de xustificar é o estado de deterioro e sucidade desta cidade. Tamén lle digo que neste caso vostede pon en práctica a táctica de a señora ministra dona Magdalena Álvarez que é a de botar balóns fóra, como é habitual tamén en vostedes. Agora culpará non se sabe a quen, ó UHL, ás mesmas gaivotas que lle fan boicot seguramente porque as levamos no emblema, pero non boicotean a ninguén. Vostede é unha especialista en boicotear, estivo boicoteando todo o que puido no anterior mandato e agora o segue facendo ó seu propio goberno e ós

cidadáns vigueses.

As gaiotas xamais foron tan felices nesta cidade, agora berran de felicidade e ademais vostede levou esta cidade ó récord Guinness en dúas ocasións; a primeira cando foi quen de acadar o primeiro premio no primeiro certame internacional da praia máis sucia. Efectivamente que vostede non tivo culpa do conflito, pero coa súa non intervención facilitou que nos deran ese premio. A segunda vez é máis recente e conseguiu que os veciños lle coloquen na rede dous vídeos, saíron publicados en YouTube e vostede fixo famosa esta cidade pola sucidade dunha fonte, concretamente a do Berbés que, por certo, estiveron esta fin de semana e onte había de todo.

Todos sabemos que é polo botellón, pero iso de que vostedes facían e agora seguen facendo... Tivo vostede tempo dende a última vez que falei eu neste hemiciclo no Pleno do 3 de setembro cando xa lle dixen que a cidade estaba máis sucia que nunca e non o dicía eu, dicíano os veciños, vólvollo repetir.

De todos os xeitos nós presentamos esta moción en sentido totalmente positivo, coido que as medidas son razoables e insisto en que nós xa dimos exemplo con algunhas actuacións como foi a da Praza de Chao onde xa están preparados os ocos para facer colectores soterrados. Todos os veciños saben que vostede recibiu unha cidade bastante limpa e en dous meses quedou bastante sucia. Ó mellor non estabamos no dez pero pasamos dun sete a un menos tres, esa é a diferenza.

SRA. ABELAIRAS RODRÍGUEZ: Sinxelamente para lle dicir que é difícil arranxar en tres meses e medio o que vostedes estragaron en tres anos. Coido que non lle teño que respostar nin lle dicir nada porque estamos falando dunha moción e tentar levar o debate fóra do que é o ámbito do Pleno municipal, asegúrolle que non vai ser quen.

SR. GONZÁLEZ SAGARRA: Só lembrarlle algunhas cousiñas como unha que teño aquí que non a fixen eu, fixérona os veciños. Temos un montón de recortes de xornais: “Medio ambiente, os veciños do Berbés concéntranse hoxe para pedir o peche do estanque”, “Se se elimina o lixo o seu número baixará claramente”, “Os veciños do Berbés esixen de novo que se mellore o estado da praza”. Eu non inventei a chegada a YouTube dos vídeos. Que lle imos facer, Sra. Abelairas. Moitas

gracias.

(Están ausentes o Sr. Coello Bufill e a Sra. Molares Pérez).

VOTACIÓN E ACORDO.- Con catorce votos en contra dos Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Alonso Pérez, Calviño Rodríguez, Díaz Vázquez, Domínguez Olveira, Lago Rey, López Atrio, López Carreira, López Font, Méndez Piñeiro, Rivas González, Rodríguez Díaz, Veloso Ríos e a Presidencia, e once votos a favor dos Sres. e Sras. Comesaña Abalde, Conde Gil, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, González Sagarra, Guerra Fernández, Iglesias Bueno, Larriba Leira, Martiño Gómez e Porro Martínez,

ACÓRDASE:

Rexeitar a moción formulada polo concelleiro do Grupo municipal do partido Popular, Sr. González Sagarra, relativa á situación do Casco Vello, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

9.- (139).- DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR INSTANDO A INCLUSIÓN DE PARTIDAS NOS PRÓXIMOS ORZAMENTOS PARA A HUMANIZACIÓN DO CASCO VELLO.

ANTECEDENTES.- O concelleiro do grupo municipal do Partido Popular, Sr. Comesaña Abalde, por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 9 de outubro de 2007, propón para o seu debate en sesión plenaria a seguinte moción:

"No plan de intervencións urbanas en barrios e parroquias da cidade presentado polo goberno de Corina Porro no ano 2006 e que se corresponde co punto 8 do Pleno realizado o 29 de maio do 2006 -expediente de modificación orzamentaria 51/06-, consignouse unha partida de 340.000 euros para humanizar a Praza Chao do Casco Vello.

Sen embargo o documento inicial presentado polo goberno do Partido Popular, que recollía as propostas de intervencións en barrios e parroquias da Federación de Veciños "Eduardo Chao", contou no Pleno mencionado con votos en contra do PSOE e do PG.

Pola súa banda, o voto a favor do BNG foi posible despois dunha negociación trala

que se rebaixaron notablemente as intervencións que presentaba o goberno popular, condición imposta polo BNG cara á súa aprobación. Lamentablemente o acordo final diminuíu o ambicioso investimento inicialmente previsto polo goberno de Corina Porro en barrios e parroquias.

Así e aínda que o Plan tiña o aval inversor do Concello, este ficou limitado á cantidade de 18.145.480,61 €, motivo polo que, no caso do contorno da Praza Chao, só se puidera actuar nunha primeira fase, quedando pendente a segunda que incluía o remate da rúa do mesmo nome, xunto con Caracol e San Vicente.

Tamén, no outro extremo do Casco Vello, as rúas Fermín Penzol, Gamboa e Ballesta, merecen a súa humanización para completar as actuacións na zona alta do Casco Vello e poder potenciar a súa habitabilidade, tal e como pretende o Consorcio do Casco Vello.

Tendo en conta o interese amosado polo BNG no seu acordo de goberno co PSOE para asumir a responsabilidade da Concellería de Cascos Históricos, o GM do Partido Popular considera que, agora que se está a traballar na elaboración dos orzamentos do próximo ano, se teña en consideración a necesidade de rematar a actuación no contorno da Praza Chao, xunto á humanización das restantes rúas mencionadas.

Non dubidamos da sensibilidade do BNG, da concelleira de Cascos Históricos, e do interese en xeral do goberno en incluír nos orzamentos de 2008, as partidas correspondentes para acometer estas obras e satisfacer as demandas dos veciños do Casco Vello representados pola Federación de Veciños "Eduardo Chao".

Así e logo de xirar visita este concelleiro nos últimos días ao Casco Vello e logo de comprobar á pronta finalización das obras que se están a levar a cabo na Praza Chao, así como a necesidade de intervir noutros extremos do barrio histórico, dende o GM do Partido Popular propoñemos ao Pleno do Concello de Vigo que adopte o seguinte acordo:

Que na elaboración dos orzamentos do próximo ano do Concello de Vigo o goberno municipal inclúa as partidas necesarias para rematar as obras de humanización do contorno da Praza Chao, é dicir, continuidade da rúa Eduardo Chao, Caracol e San Vicente, ademais de intervir tamén nas rúas Fermín Penzol, Gamboa e Ballesta no Casco Vello da cidade."

A comisión informativa de Xestión Municipal, en sesión do 22 de outubro, quedou enterada do contido da anterior moción.

O Sr. Comesaña Abalde procede a ler o texto da moción que se transcribe nos antecedentes.

DEBATE.- SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA: En primeiro lugar e antes de entrar na moción gustaríame dicirlle ó Sr. González Sagarra que non se preocupe, imos convocar ás

gaivotas, imos falar con elas e ademais nos encanta que estean felices na cidade de Vigo como di vostede, non se preocupe.

Sinxelamente habería que lembrar un pouquiño canto tempo hai que existe ese estanque na rúa do Berbés ou canto tempo hai que esa Praza está feita. Eu coido que non se fixo a partir do 16 de xuño ese estanque e polo tanto, como ben dicía a miña compañeira de goberno, tempo tiveron de arranxar eses problemas que nós si imos arranxar.

Sr. Comesaña, agradezo de verdade o talante e quero agradecerlle a presentación desta moción con ese talante construtivo que coido que nos ten que levar a todos os que formamos parte desta Corporación; polo tanto agradecerlle como concelleiro de Cascos Históricos esta moción e comunicarlle que non lla imos votar a favor, non porque non esteamos de acordo co contido da moción, senón porque da aprobar tal e como está seríamos moi pouco ambiciosos e este goberno é moito máis ambicioso que esta moción no tocante ó Casco Vello.

Ademais porque na moción di vostede que se inclúan nos orzamentos as partidas necesarias para rematar as obras da segunda fase da Praza Eduardo Chao. O proxecto da segunda fase da Praza de Eduardo Chao xa se aprobou por este goberno nunha Xunta Local e déronse todas e cada unha das conversas necesarias. Pódolle dicir que esta segunda fase desta praza vai ser a través do financiamento da Consellería de Vivenda e para tal efecto xa temos no noso poder un borrador que nos remitiron ó Concello de Vigo e nos vindeiros días imos asinar un convenio que vai permitir que esa segunda fase se poña en marcha inmediatamente.

Repito polo tanto que é algo que está xa cumprido e coido que todos nos debemos alegrar. Alegrámonos de que vostedes iniciaran esa primeira fase na que o Concello tivo que poñer cartos e espero que nos alegremos todos de que esta segunda fase se faga cos cartos da Consellería de Vivenda e a tal efecto e como deberían saber, xa está o proxecto aprobado na Xunta de Goberno Local para licitar as obras de contado.

Dicía que nós somos máis ambiciosos porque, ademais desa segunda fase, xa nos orzamentos deste ano se contemplan partidas moi importantes para o Casco Vello, partidas históricas como non se contemplaron alomenos nos últimos catro anos, partidas importantes de actuación directa por parte do Concello. Millón e medio de euros no Plan de Mobilidade, imos facer un verdadeiro plan de dinamización do

Casco Vello do que xa son coñecedores tanto a asociación veciñal, coa que eu me reunín, como a asociación de comerciantes, coa que tamén me reunín e están absolutamente de acordo con ese plan de dinamización.

A partir de 2008 dende a Dirección Xeral de Turismo se vai apoiar decididamente o plan de dinamización "Excelencia turística e Vigo", un traballo que efectivamente deixaron vostedes feito e así o teño que recoñecer, imos modificalo porque é do ano 2006, pero evidentemente, polas conversas que eu realicei do director xeral de Turismo da Xunta de Galicia, temos xa o compromiso de que tamén este plan vai ter un forte investimento tanto da Xunta de Galicia como do Goberno central porque é un plan que vai ser presentado a través da Xunta de Galicia.

A finais deste ano imos rematar coa última fase da sinalética do Casco Vello, temos xa nos orzamentos unha partida importante para reformar a cuberta da Pedra que ten algún ca outro problema e imos iniciar os traballos; xa a primeiros do ano que ven imos sacar a concurso o proxecto da humanización e reforma da rúa Teófilo Llorente que tamén é unha demanda importante. A maiores disto a concelleira de Servizos Xerais e máis eu estamos traballando, como ela adiantaba, nun verdadeiro plan integral de alumeado, seguridade e limpeza para todo o Casco Vello.

Polo tanto coido que está amosada absolutamente a sensibilidade deste goberno co Casco Vello, non só de palabra senón de feitos; están tamén moi avanzadas as conversas co Consorcio do Casco Vello que, igual que se viu facendo nestes últimos anos, tamén hai esa vontade por parte do Consorcio de investimento claro e real para o Casco Vello.

Con todo isto aproveitando a súa construtiva moción, quérolles anunciar que a sensibilidade deste goberno co Casco Vello está e vai estar absolutamente plasmada dentro dos orzamentos cunha clara ambición de transformar a súa realidade, ten que ser un traballo onde todos, goberno e oposición, empeñemos tamén os nosos esforzos.

SR. COMESAÑA ABALDE: Gracias, Sr. Domínguez Olveira, satisfáime ouvir que estamos en sintonía. Efectivamente semella que xa están traballando na rúa Caracol e na rúa San Vicente pero isto foi posterior á moción. Agradézolle que recolleran estas inquedas.

Tamén me parece ben que sexan ambiciosos, nós tamén o seríamos de teren cartos; non os tiñamos.

(Están ausentes os Sres. Coello Bufill e Guerra Fernández e a Sra. Molares Pérez).

VOTACIÓN E ACORDO.- Con catorce votos en contra dos Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Alonso Pérez, Calviño Rodríguez, Díaz Vázquez, Domínguez Olveira, Lago Rey, López Atrio, López Carreira, López Font, Méndez Piñeiro, Rivas González, Rodríguez Díaz, Veloso Ríos e a Presidencia, e dez votos a favor dos Sres. e Sras. Comesaña Abalde, Conde Gil, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, González Sagarra, Iglesias Bueno, Larriba Leira, Martiño Gómez e Porro Martínez,

ACÓRDASE:

Rexeitar a moción formulada polo concelleiro do grupo municipal do partido Popular, Sr. Comesaña Abalde, instando a inclusión de partidas nos próximos orzamentos para a humanización do Casco Vello, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

10.- (140).- DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR PARA A CREACIÓN DUNHA FISCALÍA ESPECIALIZADA EN DEREITO PENAL-LABORAL NA CIDADE DE VIGO.

ANTECEDENTES.- O concelleiro do grupo municipal do Partido Popular, Sr. Martiño Gómez, por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 11 de outubro de 2007, propón para o seu debate en sesión plenaria a seguinte moción:

"O mundo do traballo sufriu nos últimos anos unha evolución sen precedentes que orixinou unha profunda reestructuración do mercado laboral e das condicións de traballo, o que constituíu un desafío para a saúde laboral. O impacto da globalización, as innovacións tecnolóxicas, os novos modelos organizativos e de xestión, unidos ó medo ó desemprego e á precariedade, xeran unha presión moi forte que obriga aos traballadores a aceptar malas condicións de traballo para conservar o seu emprego.

Factores como a subcontratación, temporalidade, a nosa taxa de temporalidade é 3 veces superior á media europea: o 21% dos asalariados teñen contrato temporal e concentran o 51,22% dos accidentes laborais, en valores absolutos, elevada

rotación nos postos de traballo, levou a un deterioro insostible das condicións laborais, que todos os expertos coinciden en relacionar co risco laboral.

O noso sistema normativo, a vixilancia da Seguridade e da Saúde dos traballadores, aparece recollido no artigo 40.2 da Constitución cando sinala:

"...Asimismo, los poderes públicos fomentarán una política que garantice la formación profesional y readaptación profesionales; velarán por la Seguridad e higiene en el trabajo y garantizarán el descanso necesario, mediante la limitación de la jornada laboral, las vacaciones retribuidas y la promoción de centros adecuados",

No artigo 43.1 recoñece o dereito á protección da saúde e no 2 establece que compete ós poderes públicos a través de medidas preventivas e das prestacións e servizos necesarios.

O Código Penal no seu Título XV "De los delitos contra los derechos de los trabajadores", artigos 316 a 318, impón penas de prisión e multas cando se poña en perigo grave a vida, saúde ou integridade física dos traballadores como consecuencia da infracción das normas de prevención de riscos laborais.

Tendo en conta:

- Que a maioría dos accidentes producidos teñen como resultado un dano grave na saúde do traballador pola falta de adopción por parte do empresario das medidas legais esixibles.
- O incremento da sinestralidade laboral.

Faise necesaria a creación dunha sección da Fiscalía con competencia exclusiva nesta materia."

A comisión informativa de Xestión Municipal, en sesión do 22 de outubro, quedou enterada do contido da anterior moción.

DEBATE.- SR. MARTIÑO GÓMEZ: Vou tentar non entrar en polémicas, nin moito menos, senón tentar que se traia para Vigo algo que é necesario dende hai moitos anos. Somos unha cidade que reclamamos dende hai moito tempo unha Fiscalía que se dedique ex profeso a este tema penal-laboral.

O mundo do traballo sufriu nestes últimos anos unha evolución sen precedentes que orixinou unha profunda reestructuración do mercado laboral e das condicións de traballo, o que constituíu un desafío para a saúde laboral. O impacto da globalización, as innovacións tecnolóxicas, os novos modelos organizativos e de xestión, unidos ao medo ó desemprego e a precariedade, xera unha presión moi

forte que obriga ós traballadores a aceptar malas condicións de traballo para conservar o seu emprego.

As taxas de temporalidade triplican a media europea; estamos falando de que o 21% de asalariados teñen un contrato temporal e concentran o 51,22% dos accidentes laborais; isto por suposto en valores absolutos.

A vixilancia e a Seguridade Social xa veñen recollidas na Constitución, no art. 40.2 e no 43, tanto no 1 como no 2, e di que compete ós poderes públicos a través de medidas preventivas e das prestacións e servizos necesarios, cousa que nos están obrigando a cubrir a nós.

Ó abeiro das disposicións sinaladas anteriormente apróbase a Lei 31/95, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais como consecuencia, como vostedes saben, da transposición da Directiva 89/391 da CE sobre medidas para promover a mellora da seguridade e da saúde dos traballadores no traballo coñecida como a Directiva Marco. Consonte o art. 14.2 desta lei “Será obriga do empresario a protección dos traballadores fronte ós riscos laborais, estando obrigados a garantir a seguridade e a saúde dos seus traballadores”. Ó mesmo tempo o Código Penal, no Título XV “Dos delitos contra os dereitos dos traballadores”, nos seus artigos 316 ó 318, impón unhas penas de prisión e multas cando se poña en perigo grave a vida e a saúde ou integridade física dos traballadores.

Con todo isto, señores concelleiros, seguimos padecendo en Galicia unha taxa de accidentes de traballo mortais, que supera amplamente na zona de Pontevedra e sobre todo na área de Vigo posto que é a máis industrial, un 41% dos accidentes de traballo producidos dos que o 11% son “choques contra obxectos en movemento”. Pero non só isto, senón que á parte se producen en empresas de entre 5 e 25 traballadores. Isto é porque realmente a cualificación destas persoas non é a máis axeitada.

Todo isto tan só ven reforzar o feito de que con esta sinestralidade entendemos que os xulgados seguen enchéndose de demandas. Posiblemente vostedes coñezan xa varias delas pero o que si é certo é que no 2003 tiñamos por accidentes de traballo 408, mentres que no 2006 había 574. Como poden ver vostedes houbo un incremento e ó mesmo tempo se produce unha maior sinestralidade xa no 2006-2007. Mentres que no 2006 a totalidade de accidentes, leves, graves ou mortais eran 4.025, no 2007 xa aumentaron a 4.199 sinistros. Estamos a falar dun 432%.

Como ven vostedes estamos falando de que hai maior sinestralidade, máis demandas e por conseguinte maior afluencia de litixios no Xulgado do Social. Os xuíces veñen reiterando a falla de persoal para realizar este tipo de seguimentos, pero de todos é ben sabido que para poder facer o seguimento fai falla un fiscal, principio acusatorio necesario en todo procedemento. Por conseguinte, se os xuíces están solicitando a cotío este reforzo, os fiscais non deberían ser menos.

A nosa proposta para a creación dun Fiscalía dedicada tan só a penal-laboral e non a outras cousas, coido que xa ven avalada polas especializacións que se veñen producindo noutras cidades de Galicia, como pode ser en Santiago, A Coruña ou noutros lugares onde realmente xa o seu ministro de Xustiza dixo que hai unha grande especialización e ven moi ben este tema, realmente reforza o ámbito territorial que programa esta actitude piloto.

Por conseguinte con todo isto é necesario observar a Fiscalía onde realmente temos a vintedous fiscais e dez traballadores dos que dous deles son axentes e como todos ben sabemos non se dedican a tramitar, senón a un mero trámite loxístico e demais.

Por isto neste partido político vemos a necesidade de que se inste ó Ministerio de Xustiza para que se cre unha fiscalía especializada en dereito penal-laboral na nosa cidade.

SR. RODRÍGUEZ DÍAZ: O Sr. Martiño Gómez inclúe na súa exposición a Lei de riscos laborais aínda que no seu escrito só facía referencia á Constitución e ó dereito penal; coido que é moi importante esa referencia dado que a moción que propón ten bastante que ver con iso porque as organizacións sindicais dende a mesma promulgación da Lei de riscos laborais viñeron reclamando unha fiscalía especializada en seguridade e saúde laboral no ámbito do Estado.

O certo é que esa resposta non se viu satisfeita ata que gobernou o Partido Socialista nesta última lexislatura, no goberno de José Luis Rodríguez Zapatero, que foi cando se creou por parte da Fiscalía Xeral do Estado a figura dun fiscal coordinador en sinestralidade laboral e ademais cun rango importante de Fiscal de Sala do Tribunal Supremo. Iso concretouse o 14 de marzo de 2006 nomeando xa fiscal coordinador de sinestralidade laboral a Juan Manuel de Oña Navarro.

Que dúbida cabe que isto é un avance importante pero quero lembrar tamén que

na nosa Comunidade Autónoma o que é hoxe conselleiro de Traballo, don Ricardo Varela, xa propoñía no ano 2004 no Parlamento de Galicia que houbera nas diversas provincias fiscalías especializadas nesta materia que puideran axudar a reducir os sinistros laborais e controlar tamén a saúde e a seguridade dos traballadores nos seus centros de traballo.

Froito de esa iniciativa, que por certo se aprobou por unanimidade no Parlamento Galego, asinouse con data 18 de abril de 2005 un convenio de colaboración entre o goberno da Xunta de Galicia e o Fiscal Xeral do Estado para a especialización dos fiscais con destino na Comunidade Autónoma de Galicia en materia de seguridade e saúde laboral. É máis, ese acordo trouxo como consecuencia a creación de cinco fiscalías especializadas nas cidades de A Coruña, Lugo, Ourense, Pontevedra e tamén na nosa cidade. É certo que non están a dedicación plena nesta tarefa e que a comparten con outras, pero si son especializadas.

Quero dicir tamén que hai que salientar nesta actuación de colaboración e potenciación da Fiscalía, que se vai ver incrementada e potenciada en base ós acordos asinados no marco do diálogo social, algo ó que vostede non fixo referencia. O diálogo social no ámbito do Estado e de Galicia está traendo tamén que se poida avanzar nestas figuras de fiscais.

No Plan Estratéxico para a prevención de riscos laborais en Galicia 2006-2010 vaise desenvolver unha colaboración específica cun propio Ministerio Fiscal. Salientar neste sentido que o Partido Socialista Obreiro Español, o Partido Socialista de Galicia, está comprometido e iso vese xa coa creación destas figuras.

En todo caso e tamén con referencia á súa moción, cando fala de que as empresas non fan efectivas as medidas de seguridade, é certo que hai algunhas que non pero tamén hai outras moitas que son exemplo e modelo da saúde e seguridade nos seus postos de traballo. Hai outras que efectivamente as vemos todos os días e que ven eses accidentes laborais como un custo máis da súa produción, pero iso é o que hai que erradicar.

Nós vemos certamente que se debe potenciar esta figura, que debe haber un fiscal só dedicado ó tema de seguridade e saúde no traballo. Vostede fala de penal, maximo que coincidirá na denominación e que será o mesmo pero en todo caso nós estamos de acordo con esta moción e imos votar a favor á súa proposta.

SR. MARTIÑO GÓMEZ: Faime vostede unhas puntualizacións que eu quero concretar posto que realmente coido que é necesario.

Cando a miña moción fala de empresas efectivamente non estou falando de todas, senón daquelas que teñen unha sinestralidade concreta e sabemos todos de quen se trata, non vou estar aquí dicindo que hai bos e malos porque iso xa o sabemos todos, non fai falla que o diga eu.

Falando foise vostede a Madrid, ó Supremo, ó Tribunal Superior de Xustiza, pero estamos en Vigo, eu estou en Vigo e por conseguinte o quero en Vigo. Non estou falando dun fiscal como o que temos agora, que é un fiscal excelente e á parte temos un grupo de fiscais tamén excelentes, concretamente falei de vintedous. O que dixen é que non quero que haxa fiscais dedicados a outras cousas ademais do temalaboral posto que, como vostede ben sabe, os procedementos de carácter laboral son bastante estritos e concisos nas súas probas e como dixen antes é nas empresas de entre 5 e 25 traballadores onde se produce a maior sinestralidade, xerando procedementos onde hai que estar detrás dese traballador porque para evitaren perder o seu posto de traballo se auto-inculpan da posible lesión producida.

Por conseguinte o fiscal ten que actuar de oficio para saber se realmente iso é ou non así. Se non temos un fiscal que se dedique especialmente a seguir este procedemento, os fiscais non teñen dous corpos para estar nun procedemento penal e ó mesmo tempo nun penal-laboral, por iso é necesario que se dedique ó tema laboral para poder continualo.

Efectivamente dende a Fiscalía do Estado se promoveu buscar en Vigo unha sede e as declaracións en concreto din: "...que inclúe unha Fiscalía de área en Vigo". Volvemos dicir que Vigo ten unha peculiaridade que non contempla a lei, non somos capital de provincia e a lei estipula que todas as creacións de fiscalías estean agrupadas en capitais de provincia. Volvemos outra volta coa capital de provincia en Pontevedra; non teño nada en contra diso pero do que si estou en contra é de que non veña a fiscalía para Vigo e posiblemente, se de novo fan a aplicación da lei na súa máis estrita lectura, outra volta levarán o grupo de fiscais laborais a Pontevedra como xa pasou e vostede así o mencionou anteriormente, en A Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra.

Por conseguinte si que entendo que o que se ten que facer dende este Concello é

promover que, aínda que Vigo non é capital de provincia e ó mellor non se quere incluír esta institución, englobala dentro desas situacións que provocan que a cidade de Vigo poida ter unha fiscalía especializada penal-laboral.

Efectivamente no título poñemos penal-laboral porque se se dedica exclusivamente a laboral pode ser que sexa unha procura tan só de laboral como se di na Lei de prevención de riscos. Pero se buscamos o penal-laboral está buscando calquera tipo de indicio que haxa sobre aquela actuación ilícito-penal provocada por calquera tipo de situación anómala. Eu non estaba a falar de que todas as empresas incumpran pero si é certo e estamos falando de que, se algunha o fai, estea alguén para lle lembrar que o está facendo mal e que, como vostede indicou, a pena sexa superior á posible modificación das medidas de prevención de riscos laborais que esixe a lei.

SR. RODRÍGUEZ DÍAZ: Non é que me remonte ó Constitucional, é que gobernando o noso partido si se puxo mans á obra e creou a figura e nomeou ó fiscal no ámbito do Estado e daí ven emanando todo o demais. Fágolle referencia a Galicia onde se chegaron a acordos para cinco cidades: A Coruña, Lugo, Ourense, Pontevedra e Vigo, é dicir, a cidade está contemplada dentro deses acordos.

Reitero que hoxe son unha lacra os accidentes laborais, é certo que tamén ó se rebaixar a temporalidade, froito dese diálogo social que o Partido Socialista soubo acadar tanto no Estado como en Galicia, tamén hai menos accidentes. É certo que canto máis pequena é a empresa e menos representatividade sindical hai no seu seo, tamén é onde se cometen máis abusos, tanto en saúde como noutros eidos laborais como poden ser as condicións sociais e salariais, ese é un feito. Pero o que aquí nos ocupa e coido que nos preocupa ademais a todos é conseguir os mellores medios para que na nosa cidade haxa os menos accidentes laborais posibles. Aí o noso goberno nos últimos meses implementou o cadro de persoal de inspectores de traballo que como vostedes coñecen estaba en baixa e ese é outro dos elementos importantes.

Non vou discutir moito máis porque é unha cuestión na que estamos de acordo, é un tema que ademais nos preocupa moito, que afecta á persoa que sofre o accidente grave ou mortal pero tamén á súa familia e polo tanto estamos de acordo e así anunciei xa que imos votar favorablemente a moción.

SR. MARTIÑO GÓMEZ: Tan só quero rematar e concretar o feito de que aínda que especifique o señor concelleiro que en Vigo se creou algo relacionado co tema de riscos laborais, o que hai é un coordinador que dalgún xeito visa a entrada do procedemento e non o continua el, senón que o continua un fiscal externo, é dicir, non está dentro do seu grupo e xa que logo o mete dentro da súa axenda e non sabe como ou onde vai. Iso non quere dicir que ó final non o desenvolva correctamente porque a fiscalía ten persoas preparadas para iso, pero o que si é certo é que é un coordinador, que non estamos falando dunha persoa que se dedique ex profeso a isto.

(Están ausentes os Sres. Coello Bufill e Guerra Fernández e a Sra. Molares Pérez).

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vintecatros membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constitúen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Que se inste ó Ministerio de Xustiza para que se cree unha Sección da Fiscalía especializada en dereito Penal-Laboral na nosa cidade.

11.- (141).- DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR INSTANDO A CONSTRUCCIÓN DUN COLECTOR DE RECOLLIDA DE AUGAS NA RÚA OLÍMPICOS.

ANTECEDENTES.- O concelleiro do grupo municipal do Partido Popular, Sr. Comesaña Abalde, por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 11 de outubro de 2007, propón para o seu debate en sesión plenaria a seguinte moción:

"Tendo en conta que, a pesar da bonanza do tempo que vivimos nas últimas datas, o inverno virá acompañado das choivas, dende o Partido Popular adiantándonos os acontecementos pretendendo advertir ó goberno das consecuencias que puideran ocasionar se non se actúa en determinados lugares da cidade propensos a inundarse.

En concreto falamos da rúa Olímpicos, na confluencia do estadio de Balaídos, as pistas de atletismo e as rúas Manuel de Castro, Pablo Iglesias e Pinal de Adentro.

Todos os anos e cando as precipitacións de auga son considerables, a zona mencionada convértese nun espazo intransitable, tanto para peóns como para vehículos. As escenas que se producen eses días no contorno mencionado, obrígnanos a tomar as medidas correctoras oportunas.

Todos os datos técnicos indícanos que o problema mencionado, arranxaríase con acometer a substitución do colector da rúa Olímpicos por outro de maior diámetro modificando ademais a cota, que poida absorber e dar cabida ó caudal que se concentra nesa zona de augas pluviais.

Por todo isto, o GM do Partido Popular propón o Pleno da Corporación do Concello de Vigo que se adopte o seguinte acordo:

Que o antes posible se acometa a obra do colector de recollida de augas na rúa Olímpicos”.

A comisión informativa de Medio Ambiente, en sesión do 22 de outubro, quedou enterada do contido da anterior moción.

DEBATE.- SR. COMESAÑA ABALDE: Este é un tema que ven xa de hai tempo. Na rúa Olímpicos na zona de Balaídos, ano tras ano temos inundacións bastante graves que prexudican a todos os veciños e ó persoal de Citroën que aparca os coches por alí e non é a primeira vez que saen de traballar e se atopan con que non poden facer uso del.

Para subsanar ese problema se fixo un proxecto que nos gustaría que se levara a cabo. De feito coido que se vai facer porque vin nos orzamentos esa partida. Vexo entón que xa foi recollido e dou as gracias por iso.

SRA. ABELAIRAS RODRÍGUEZ: É difícil non entrar en debate ante unha moción deste tipo. Anuncio xa que imos votar a favor de esta moción pero mo puxo enriba da mesa.

Son vostedes conscientes de que están presentando mocións, cousa que lles agradezo, sobre actuacións que vostedes non fixeron? Realmente ata me dan ganas de sorrir porque as mocións que están presentando son sobre actuacións que vostedes nos seus anos de goberno non foron quen de facer. Sinxelamente era para clarexar isto.

Hai dúas formas de traballar, Sr. Comesaña, unha é facendo un brinde ó sol e outra sendo consciente de que efectivamente hai un problema.

Vostedes viron xa os orzamentos, cousa da que me alegro porque dicían que non llos deixaban ver e eu quero anunciarlles xa que a rúa Olímpicos está incluída no proxecto de orzamentos para o 2008 e vaise facer. Daquela, cando nós pensamos nese colector da rúa Olímpicos, non estaba presentada a súa moción. Polo tanto imos votar afirmativamente porque xa o iamos facer.

SR. COMESAÑA ABALDE: A Sra. Abelairas di que son cousas que nós deixamos sen facer, pois eu lle lembro que vostede estivo nun goberno anterior ó meu e xa había ese problema. Eu non sei os anos que vostede leva en Vigo, eu nacín en Vigo moi preto de alí e ese problema creouno no ano 82 un goberno do Partido Socialista cando arranxou o Estadio de Balaídos, mire vostede por onde.

SRA. ABELAIRAS RODRÍGUEZ: Señor alcalde, déixeme un minuto nada máis. Estamos nun Pleno e hai que ter un respecto ás institucións pero ás veces dan ganas de algo.

Sr. Comesaña, esqueceuse de que vostede era o concelleiro de Servizos Exteriores, Vías e Obras? Tíñao que arranxar, había un problema e, por que non o arranxaron? Estoulle dicindo que nós o imos facer, que vostedes non o fixeron; o problema existía, había inundacións antes, logo e agora e mañá se chove seguro que hai inundacións, pero nós o temos presupostado para o arranxar.

SR. COMESAÑA ABALDE: Sra. Abelairas, efectivamente, claro que o resolvín porque quen fixo o proxecto fun eu e vostede atopouno enriba da mesa, senón non o podería facer.

(Están ausentes os Sres. Coello Bufill e Guerra Fernández e a Sra. Molares Pérez).

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vinte e catro membros presentes da Corporación, dos vinte e sete que a constitúen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Aprobar a moción formulada polo concelleiro do Grupo municipal do partido Popular,

Sr. Comesaña Abalde, relativa á construción dun colector de recollida de augas na rúa Olímpicos, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

No seguinte punto da orde do día se incorpora á sesión a concelleira Sra. Molares Pérez.

12.- (142).- DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR SOBRE A NECESIDADE DUN CENTRO DE ATENCIÓN PARA NENOS E NENAS CON PARÁLISE CEREBRAL.

ANTECEDENTES.- A concelleira do grupo municipal do Partido Popular, Sra. Iglesias Bueno, por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 17 de outubro de 2007, propón para o seu debate en sesión plenaria a seguinte moción:

"Un dos déficits da nosa cidade en materia de servizos sociais é a inexistencia dunha escola destinada á atención dos nenos e nenas con parálise cerebral.

Precisamente, neste senso, levouse a cabo por parte do anterior goberno municipal un traballo de procura dunha parcela apropiada para a cesión ou concesión aos colectivos implicados e así colaborar na construción das infraestruturas necesarias para estes nenos que todos os días teñen que se desprazar a Pontevedra para poder integrarse no sistema educativo.

Foi complicado atopar a parcela máis apropiada, xa que tras valorar algunhas, as características do terreo o a situación urbanística das mesmas eran inadecuadas para estes fins e non cumprían os requisitos mínimos necesarios para construír un equipamento dese tipo.

Finalmente, ao inicio de 2007 e, tras numerosos contactos cós técnicos responsables de urbanismo e contratación e tamén coas asociacións implicadas, atopouse unha parcela no parque tecnolóxico destinada a equipamento social que se adecuaba aos nosos obxectivos, na que podíamos dispoñer de 4.500 m² para a construción dese centro.

Con todo isto, iniciouse o expediente para levar a cabo un concurso público para a concesión desta parcela, o prego de condicións estaba nese momento en proceso de redacción.

Creemos que esta é unha infraestrutura necesaria para a cidade e queremos que se retome a tramitación do expediente. Entendemos que estas cuestións son de interese xeral e por isto debemos de axilizar todo o relacionado coa dependencia e

a atención ás familias.

Por todo o exposto, o Grupo Municipal do Partido Popular propón ao Pleno da Corporación do Concello de Vigo que se adopte o seguinte acordo:

Impulsar a creación dun centro para a presentación de servizos de educación e atención a persoas con parálise cerebral no municipio de Vigo."

A comisión informativa de Emprego e Participación Cidadá, en sesión do 22 de outubro, quedou enterada do contido da anterior moción.

A concelleira Sra. Iglesias Bueno procede a ler o texto da moción que se transcribe nos antecedentes.

DEBATE.- SRA. IGLESIAS BUENO: Esta moción tamén vai de algo que está sen facer porque se estivese feito obviamente non o traeríamos a este Pleno.

Presentamos esta moción cun ánimo construtivo, tampouco no ánimo está entrar na polémica e a nosa moción vai no sentido de pular pola creación dun centro para a prestación de servizos de educación e atención a persoas con parálise cerebral no municipio de Vigo.

SRA. MÉNDEZ PIÑEIRO: Tamén sen ánimo de entrar en polémica gustaríame dicir que din por aí que os que non teñen memoria están condenados a repetir sempre os mesmos erros e coido que iso lles está pasando ós señores do Partido Popular ó longo de todas as mocións que están presentando; nesta un pouco do mesmo.

Din vostedes que un dos déficits dos servizos sociais é a falla dunha escola destinada a nenos e nenas con parálise cerebral. Pois no ano 2002 se creou nesta cidade unha escola para nenos con parálise cerebral destinada a cubrir as necesidades educativas, de integración e rehabilitación dos nenos e nenas con parálise cerebral. Estaba nun edificio do Concello onde tamén estaba situada unha ludoteca de integración, a única que había nesta cidade e que daquela se financiou pola Consellería de Xuventude e Deportes da que era titular o Sr. Domínguez Olveira.

Pois ben, no ano 2004, sendo vostede alcaldesa, señora Porro, e estando na Consellería de Educación o Sr. Currás, sendo presidente da Xunta de Galicia o Sr. Fraga, denegóuselle esa subvención e o concerto a este centro educativo alegando

que as necesidades de escolarización do Concello de Vigo estaban suficientemente cubertas o que non xustificaba o incremento do gasto público. Isto é literal, temos aquí todo o dado pola Consellería de Educación daquela.

Pois ben, en xullo de 2004 o BNG, concretamente a miña persoa, presentou unha moción na que se instaba á Xunta de Galicia a seguir co concerto que tiña con esa escola porque tamén sabíamos da necesidade que tiñan estes nenos e nenas con parálise cerebral e pedimos expresamente á señora Porro, alcaldesa daquela, que mediara diante da Consellería de Educación para que esta escola seguira en marcha. Dende entón a escola e máis o concerto educativo esmoreceron e o centro tivo que pechar dende o momento en que vostedes non puxeron en marcha exactamente todas as medidas que tiñan que poñer.

Como a Xunta de Galicia e nós cremos nesa necesidade e xa daquela presentamos unha moción, imos seguir traballando neste sentido. Como saben na parcela de Navia tamén se pedira nunha moción que se reservara terreo para facer centros para persoas con grande ou moderada dependencia e nisto entra a parálise cerebral. Efectivamente hai unha parcela para que dúas asociacións de Vigo que van estar apoiadas pola Vicepresidencia, creen dous centros: para dano cerebral adquirido e para dano cerebral conxénito.

Polo tanto isto xa se vai facer, non é necesario que vostedes repitan a moción, a parcela está aí, as asociacións van usala e ademais teñen todo o apoio da Concellería de Servizos Sociais e da Vicepresidencia de Xunta de Galicia. Imos votar a favor pero isto xa está en marcha como todo o demais.

A PRESIDENCIA: Moitas grazas, señora Méndez, tamén pola aclaración ulterior.

SRA. IGLESIAS BUENO: Preocúpame moito a intervención da señora Méndez porque demostra o seu total descoñecemento de como foron os feitos.

Efectivamente a alcaldesa mediou con tres Consellerías e acadou financiamento para reflotar o proxecto de "Hoy por Mañana" que está funcionando neste momento. Desgraciadamente non foi así máis tarde, cando vostedes recuperaron o goberno da Xunta de Galicia e a asociación pechou no 2005 pola falla de financiamento da Xunta de Galicia. Quedámonos sós no Concello de Vigo asinando un convenio con esta entidade, a alcaldesa de Vigo foi a única que asinou un

convenio, a Xunta de Galicia non puxo un carto e se a vostede lle gusta ler os xornais tamén o debería saber.

Precisamente se de algo non somos sospeitosos é de non dar prioridade a todas as infraestruturas relacionadas cos servizos sociais e máis concretamente coas relacionados coa dependencia e a discapacidade. Á parte da sinatura do protocolo do Consorcio coa Consellería de Vicepresidencia e do Benestar que vostedes coñecen tan ben, porque ademais o único que fixeron nestes cinco meses foi pasear por todos os centros cos que nós asinamos dicindo que van ser de seu, foi unha residencia, catro centros de día, tres centros socio-comunitarios que por certo votaron en contra no Pleno anterior, catro garderías, un centro de Alzheimer, un albergue e un centro de emerxencia social.

Como dicía, á marxe disto, en base a un estudo de necesidades en infraestruturas de servizos sociais que nós fixemos en 2005 porque nos preocupaba moito este tema, no que ademais colaboraron moitos colectivos implicados da nosa cidade, cedéronse tres pisos a asociacións para desenvolvemento de programas de vida autónoma, cedeuse un local á Asociación de Xordos, fíxose a concesión de quioscos para que traballasen discapacitados, fíxose a concesión de dúas parcelas; unha para dúas asociacións en Navia da que vostede está falando, pero iso é para adultos e non é para nenos, infórmese ben, señora Méndez. Tamén se lle cedeu unha casa a outra asociación para a realización de talleres ocupacionais.

Esta parcela da que falaba, que nos custou moito atopar ó non estar aprobado o Plan Xeral, coidamos que é a máis axeitada e por iso o pedimos nesta moción. Xa está o borrador do prego practicamente redactado e non é o mesmo que vai haber en Navia, é outra cousa para a que lles pido a axuda. Moitas gracias.

SRA. MÉNDEZ PIÑEIRO: Encántame que vostedes fixeran tantas cousas e que a día de hoxe non teñamos visto que fixeran ren ó longo dos tres anos que gobernaron. Limitáronse a asinar protocolos que este goberno vai poñer en marcha e vai poñer todo o seu interese. Tivo que chegar a Vicepresidencia da Xunta de Galicia a pedirilles que asinaran protocolos e o que fixeron vostedes foi dicirlles que puxeran os cartos.

Vostedes lembran e seguirán lembrando eternamente todas as cousas que fixeron que non fixeron porque senón non estarían poñendo agora as mocións enriba da

mesa para que as fagamos o goberno de agora. Todo isto é un pouco hilarante. Señora concelleira, non é certo que vostedes fixeran todo o que tiñan que facer con “Hoy por mañana” porque entrou na bancarrota practicamente porque lles negaron as subvencións do 2004 e non foi a Consellería da Vicepresidencia quen o fixo porque xa non tiña o remedio na Xunta de Galicia, cando vostedes deixaron a Consellería de Educación que non lles permitiu as subvencións para seguir coa escola, non lles boten a culpa porque no 2005 estaba recén asumida a Consellería da Vicepresidencia.

SRA. PORRO MARTÍNEZ: Para pechar o debate, eu non podo tolerar que se digan mentiras, asegúrollo.

Eu asinei protocolos con Vicepresidencia efectivamente para colaborar con outra administración pero nesta cidade quen pechou o único centro de persoas con parálise cerebral foron vostedes, foi o Bloque Nacionalista Galego e invito a todas as persoas, a todos os medios de comunicación, a todos os cidadáns a que pregunten a “Hoy por Mañana” que é unha asociación pública, se asinaron ou non ese convenio e quen pechou.

Efectivamente “Hoy por Mañana” pedía que se fixera un convenio único cunha Consellería e non había fondos suficientes nesas consellerías; eu mediei e foron tres consellerías as que ó final lle asinaron o convenio. Púxenme ó fronte coa Presidenta para llo reclamar á Xunta de Galicia mesmo sendo da mesma cor.

O centro, menos a ludoteca, pechou o ano seguinte e esa é a única verdade pero aquí se está a falar doutro centro que non ten nada que ver coas prestacións de “Hoy por Mañana”. Asegúrolles que non queríamos entrar nunha polémica innecesaria, só queríamos que non o centro “Para Pan e Alento” ó que vostede se está referindo, ese centro ó que vostedes non lle deron o terreo durante catro anos e que nós si llo demos. Eses dous centros van ir en Navia, estámoslle falando doutro centro con outras prestacións e características.

SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA: Vostedes estanse acostumando nesta Corporación a chamar mentireiros os demais falsamente.

Voules pasar logo do Pleno esta fotocopia a todos os medios de comunicación. Leo textualmente un parágrafo: “Considerando que as necesidades de escolarización no

Concello de Vigo están suficientemente cubertas, non se xustifica o incremento de gasto público que comportaría acceder á pretensión do centro “Hoy por Mañana” de Vigo de lle concertar dúas unidades de educación especial plurideficientes. Esta Consellería, polo anteriormente exposto e por proposta da Dirección Xeral de Centros de Ordenación Educativa, resolve denegar o concerto educativo co centro privado “Hoy por Mañana” de Vigo para dúas unidades de educación especial plurideficientes. Asinado: o conselleiro de Educación Universitaria, Celso Currás, 18 de xuño de 2004”. Por favor, que se lles pase copia ós medios de comunicación.

SRA. PORRO MARTÍNEZ: As verdades a medias son falacias e teño que dicir que houbo tres subvencións ese ano de tres Consellerías: Educación, Servizos Sociais e Sanidade. Esas subvencións foron as últimas que recibiu da Xunta de Galicia. Outra cousa é as características do centro educativo que se fixo polas que non lle puideron dar o permiso, pero a subvención e o mantemento sempre o tivo ata que chegaron vostedes. Invito a todos os cidadáns e ós medios de comunicación que llo pregunten á súa presidenta. Cando vostedes chegaron foi cando deixaron de recibir un só euro para poder manter ese centro e tamén o faremos constar.

(Están ausentes os Sres. Coello Bufill e Guerra Fernández).

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vintecinco membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constitúen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Aprobar a moción formulada pola concelleira do Grupo municipal do Partido Popular, Sra. Iglesias Bueno, relativa á necesidade dun centro de atención para nenos e nenas con parálise cerebral, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

13.- (143).- DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR SOBRE O PASEO PAZ ANDRADE DE BOUZAS.

ANTECEDENTES.- A concelleira do grupo municipal do Partido Popular, Sra. Molares

Pérez, por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 19 de outubro de 2007, propón para o seu debate en sesión plenaria a seguinte moción:

"O paseo de Bouzas, converteuse nos últimos anos nunha zona de grande espaxamento e goce non só dos veciños/as de Bouzas, senón de Alcabre e en xeral de toda a cidadanía.

Cada vez é máis a xente que decide vivir en Bouzas, sobre todo os mozos con nenos e nenas de pouca idade. Por iso, desde o Goberno do PP no mandato anterior instaláronse 2 parques infantís e executouse a reforma do paseo cun investimento de 230.000 euros por ser Bouzas un distrito con cada vez máis poboación.

Durante este verán, rematadas as reformas, deteriorouse notablemente o paseo, sobre todo as táboas de madeira, co perigo que iso significa ao non poder os cidadáns pasear con tranquilidade, nin os nenos xogar por medo a caerse. Así mesmo, algunhas bancadas de acceso á praia están inhabilitadas.

Este Goberno Municipal, optou pola colocación de valos nas zonas afectadas, pero consideramos que isto non pode continuar así.

Por todo iso, instamos ao Goberno Municipal a que de forma inmediata solucione e arranxe os lastros e baldosas que están estragadas e repoña e revise as madeiras do Paseo Paz Andrade de Bouzas, para que este non siga deteriorándose e siga sendo de uso e goce para todos os cidadáns."

A comisión informativa de Servizos Xerais, en sesión do 22 de outubro, quedou enterada do contido da anterior moción.

DEBATE.- SRA. MOLARES PÉREZ: Presentamos unha moción sobre a zona de Bouzas que cada vez vai estando máis habitada, sobre todo por xente moza con nenos e nenas de curta idade, por iso durante o goberno pasado do Partido Popular fíxose un esforzo por instalar parques infantís e tamén por levar a cabo unha reforma do único paseo do que dispoñemos para bicis e que non só serve para uso e disfrute da xente dos arredores, Bouzas e Alcabre, senón que se converteu nun dos paseos típicos para calquera cidadán de Vigo.

Pois ben, unha vez rematadas estas reformas percibimos, non só dende o Grupo Popular senón tamén por veciños e medios de comunicación, que o deterioro que sufriu nos últimos meses non obtén resposta por parte deste goberno municipal.

Dende o mes de xullo, pasadas as festas de Bouzas de interese galego e turístico, colocáronse máis de media ducia de valados polo paseo tapando ocos nas madeiras

e nas partes empedradas pero vimos como transcorría un mes tras outro esperando se ía solucionar, xa que parecía que había interese do goberno. Pero pasaron tres meses, os valados seguen aí pero o paseo segue deteriorado.

O outro día pasaba por alí e uns veciños dicían que se non custaría menos traballo colocar as táboas que colocar os valados. Semella que non, por iso dende o Partido Popular instamos ó goberno municipal a que de xeito inmediato solucione e arranxe os lastros e baldosas que están estragadas e repoña e revise as madeiras do paseo Paz Andrade de Bouzas para que este non sega deteriorándose e sega sendo de uso e goce para todos os cidadáns.

É triste ver, maxino que para vostedes no goberno pero tamén dende a oposición, como unha cousa que se pode arranxar tan facilmente, agás que a concelleira do ramo diga o contrario e nolo explique, mírase a desidia deste goberno por atender as demandas dos cidadáns. Non só o paseo está deteriorado, mesmo nalgúns casos impedindo o acceso á praia posto que xa caeron algunhas persoas ó baixaren e nestes momentos nalgúns lugares está valado o acceso á praia a través das escaleiras, senón como tamén na praia de Fontoura un pequeno camiño que hai que se usa a cotío por xente que fai footing, que pasea e sobre todo con carriños que tenta pasar por ese tramo e hoxe en día é tal o deterioro, aínda que teño que dicir que veciños que no verán utilizaban esa praia foron colocando as pedras, que nestes momentos é imposible pasar cun carriño de cativo por ese acceso á praia de Fontoura e tamén un perigo que nenos e nenas poidan corricar por este paseo Paz Andrade coa dificultade que implica.

Por iso nós coidamos que é necesaria esa reforma urxente que non levaría tanto tempo porque, que estean uns valados colocados durante tres meses nunha zona deteriorada, supón un grande desprezo á cidadanía por parte deste goberno.

SRA. ABELAIRAS RODRÍGUEZ: Vostede estaba falando de Bouzas, Sra. Molaes? Porque a verdade é que quedo tan sorprendida que coidaba que estaba a falar doutro sitio, doutro país ou doutra zona. Vostede e máis eu somos unhas asiduas desa zona e sábeo perfectamente.

Vou ir ó fondo da cuestión, á exposición de motivos. Di vostede: "Executouse a reforma do paseo con investimento de 230.000 euros". ¡Recoiro! Segue: "Durante este verán, rematadas as reformas..." Ou sexa, fixeron reformas, investiron 230.000

euros que son moitos cartos para reformar o paseo de Bouzas e ós poucos rompen as táboas e a reforma que vostedes din que fixeron.

Hai exactamente dúas táboas rotas que é certo que retiramos para as poñer de teca e que non chegan de hoxe para mañá, non é tan doado como poñer unha táboa de pino, haino que facer ben e esixirilles ás empresas que fan unha obra que cumpran e se non cumpren co que se lles pide na reforma, hai que quedar co aval, cousa que vostedes non fixeron. Fíxense se coñezo a zona que sei que hai preto de 4.000 táboas no paseo de Bouzas e hai dúas rotas, dese paseo do que vostede e máis eu somos moi asiduas.

Efectivamente puxemos dous valados Sra. Molares, sen ir máis lonxe onte algúns andabamos por alí, pero fíxense na actuación que vostedes fan e que a nós nos preocupa moito. Falaba vostede dos carriños dos cativos; eu falo tamén das persoas que teñen dificultades de mobilidade. No xardín que vostedes fixeron á entrada do número 15 do paseo de Bouzas, nun afán dunha rápida inauguración bótanlle “garbancillo”, esas pedriñas tan molestas porque saltan para o paseo de bicicletas que é o máis utilizado polos nenos e polas persoas para andar porque polo resto do paseo teñen dificultades. Botaron ese “garbancillo” porque é máis fácil de manter que o céspede que pisarían os nenos porque efectivamente alí xogan os nenos e as nenas. Déronse conta do perigo que supoñen esas pedriñas que saltan para o paseo? Pois tamén lle anuncio que o imos arranxar, non se preocupen. Xa miraría que estamos actuando alí.

Ten que prevalecer o sentido común e non só vale facer propaganda. Co panorama que están vostedes presentando daquela zona, menos mal que hai un montón de xente paseando por Bouzas e saben perfectamente como está e da nosa preocupación polo arranxar. Estámolo facendo.

Pero fíxense que nós incluímos as actuacións nos orzamentos porque así non se pode mentir, están aí e para Bouzas vai unha partida orzamentaria para arranxar rúas e mesmo tamén o paseo. Estamos esixíndolle á empresa concesionaria que arranxe o que tiña que arranxar a empresa que fixo esas obras e que vostedes non lle esixiron. Repito que cando se contrata unha obra por parte do Concello, do mesmo xeito que cando se contrata unha obra nunha casa particular para facer un arranxo de calquera tipo, hai que lle esixir á empresa o cumprimento dese contrato e mentres non cumpra non se recibe a obra. Iso é pensar e xestionar os cartos dos

ciudadáns.

Repito que imos votar en contra desa moción porque estamos traballando alí.

SRA. MOLARES PÉREZ: Dícialle o outro día á súa compañeira de Urbanismo que estaba encantada de que unha muller leve a área de Urbanismo, como tamén o estaba de que outra levara a área de Vías e Obras, xa está ben de que levemos sempre Servizos Sociais, Igualdade e esas cousas. Coido que é bo, facémolo todo ben pero é mellor levar áreas que non sexan as clásicas que nos destinan ás mulleres. Pero a verdade é que hoxe escoitándoa a vostede síntome decepcionada. Cando se colle un departamento o mínimo que pode facer é comprobar as actuacións realizadas. Evidentemente polo goberno anterior se fixeron actuacións, non aparecían en orzamentos pero si aparecían nunha operación de remanentes porque lles lembro que vostedes, os que agora están sentados aí, só nos permitiron aprobar o orzamento do 2005 e polo tanto o goberno anterior tivo que ser imaxinativo, creativo e como os cidadáns queren respostas, buscar saídas. Esa reforma de 230.000 euros fíxose a través dunha operación de remanentes.

Faláballe do seu grao de descoñecemento porque precisamente o que se arranxou con esa moción foi o deterioro estrutural que había arredor de Zona Franca e tamén cambiouse o alumeado no paseo de Paz Andrade igual que en toda a zona que rodea Zona Franca posto que non había alumeado para esa zona onde, como dicía, moita xente fai footing polas noites e é necesario o alumeado.

Refírome a que realmente houbo un esforzo por parte do goberno anterior por poñer ese paseo en condicións, por habilitar esa zona, melloralala malia non haber orzamentos e, como me pode dicir vostede que vai votar en contra desta moción porque xa o van facer? De todos os xeitos vostede dicía que custa moito atopar unhas táboas de pino; pois xa puideron ir cara ó monte, cortar a árbore e preparar as táboas. Non son dúas táboas, amósolle as fotografías porque non sei se vostede pasea por alí, pero eu si e pódolle dicir que fixen co meu móbil unhas fotos nas que se ven as táboas. O periódico recolleu dúas fotos pero teño gravadas no móbil outras que llas podo amosar, valado a valado.

O outro día, antes de presentar a moción, volvíñ ó paseo por veren se saíndo nos medios de comunicación o arranxaba, pero non só non estaban arranxadas as táboas, senón que tamén se romperan os valados e tamén teño unha foto do

valado roto. É dicir, agora ten que arranxar as táboas e os valados que puxeron porque se lles caeron as patas.

Hai pouco vostede presentaba unhas brigadas; chamabas ó 010 que dirixe o Sr. Rodríguez Díaz e inmediatamente se poñían en marcha para arranxar e presentaban un persoal de programas de cooperación, por certo, solicitados por este goberno e por esta concelleira cando era responsable de emprego, co que pretendían dar solución inmediata ós problemas. Pensei que ó chamar alguén ás brigadas se arranxaba de inmediato. Nin coas brigadas, nin nomeando un coordinador de servizos exteriores que tamén foi recentemente a unha Xunta de Goberno para que alomenos vaia por alí a ver. O Sr. López Font sabe que é verdade, que hai nomeado un coordinador de servizos, vostede saberá que asesores ten, non me mire así. Pensei que se a señora concelleira nomea un coordinador que lle axude ó mellor ela non baixa ó paseo aínda que vive preto da zona, pero o coordinador se preocupará de ver que zonas están deterioradas.

Nin así, pero lendo as súas declaracións nos medios de comunicación onde di que clama ó ceo como están os parques e xardíns e bótalle a culpa á concesionaria, logo de que llo diga o señor alcalde porque vostede non se decatou de que os parques e xardíns desta cidade están feitos un noxo nestes catro meses, pois xa me dirá vostede.

Eu o que coido nestes momentos é que o que clama ó ceo é a súa xestión e o que lle pedimos é que reconsideren a súa postura de votar en contra desta moción porque aquí non se trata de que o presente o Partido Popular ou vostedes non se deran conta. A nosa obriga como oposición é controlar e axudarlles a que fagan mellor o seu labor. Se eu non quixera que vostedes melloraran a súa xestión non lles presentaría esta moción e os veciños de Bouzas seguirían vendo ese paseo deteriorado. Pero precisamente por responsabilidade coidamos que temos que poñer enriba da mesa os problemas e as deficiencias que detectamos na cidade.

Por todo o dito presentamos esta moción e si creo que deberían valorar votar a favor porque realmente o que lles estamos pedindo é que arranxen esas táboas que non son dúas nin tres, senón que son bastantes, tamén lastras e é necesario que iso estea en boas condicións porque pasa moita xente por aí.

SRA. ABELAIRAS RODRÍGUEZ: O que arranxaron vostedes foi por mor dunha moción

que presentou o BNG no seu momento no Plan Parroquias e tiveron vostedes dous anos dende que a moción se aprobou para arranxar todo iso. Ou sexa que ren. Repito que son dúas táboas e asegúrolle que non minto, pero dá igual, como se foran cento vinte hainas que arranxar.

Si lle quero clarexar unha cousa. Cando vostede dixo aquilo de que se alegraba moito de que unha muller dirixira Urbanismo ou Vías e Obras, eu tamén me alegro moito porque as mulleres historicamente (co permiso do señor alcalde que diso sabe) somos as mellores ministras de Economía de todos os gobernos do mundo porque cun salario sabemos o que custa chegar ó fin do mes e non se ría que é certo, pregúntelle ás amas de casa; o que custa pagar a auga, a luz, etc. e cun salario facemos auténtico encaixe de palillos. Unha muller que dirixe un departamento ten moi claro que as empresas que traballan para o Concello teñen que cumprir coas súas obrigas custe o que custe que para iso lles estamos pagando e, por certo, cos cartos dos cidadáns e das cidadás; teñen que cumprir os seus contratos. As empresas que fan unha obra para o Concello non se poden ir “de rosiñas” e deixala a medias, téñena que executar e ben e hai fórmulas, señora Molares, porque para iso depositan un aval e ou non se lles paga, ou execútase o aval. Asegúrolle que facendo as cousas así ningunha empresa deixa as cousas a medias. Iso tamén o fan os homes, que non vou facer un discurso feminista, pero as mulleres ó mellor somos máis valentes para iso porque estamos acostumadas a que hai que ter conta do soldo e eu coido que os cartos do Concello son o soldo de todos os cidadáns de Vigo.

Repito que votamos en contra porque están presentando mocións de actuacións que vostedes non foron quen de facer e non minta, señora Molares, non apele ós medios de comunicación porque eles tamén pasean por Bouzas.

SRA. MOLARES PÉREZ: Non é que eu me identifique con ese concepto de muller ama de casa que xestiona ben os recursos económicos para chegar a fin de mes porque, alomenos na miña casa, facémolo o meu home e máis eu conxuntamente e ó mellor máis el. Coido que iso resposta a un concepto distinto pero quizais a diferenza xeracional entre vostede e mais eu pode marcar esa diferenza.

Pero non imos aquí tratar un tema de homes e mulleres, senón que o que estamos tratando é un tema tan sinxelo como que unhas táboas se arranxen ou non. Vostede

vaia por alí e cóntelas. Onte ía volver baixar contalas pero xa me pareceu excesivo. Pregunteille ó meu home se o arranxaran porque a verdade é que non custa tanto e dende que se presentou esta moción deulles tempo. Díxome que non; dende a miña casa eu vía unha parte pero non a outra e a verdade é que me custaba crer que non arranxaran esas táboas; pero non o fixeran.

Apuntoulle a señora Méndez cun papel que a moción a presentara o Bloque; non estamos aquí para nos levar flores, vostedes recortaron unha parte do Plan Parroquias e dentro desas actuacións ía esa reforma de Bouzas que repito que non desta parte, aí vai o alumeado; o que ía era o arranxo dunhas fochancas enormes que había na parte de Zona Franca. Repítolle que descoñece o que se facía no departamento porque esa información é dunha modificación orzamentaria do 29 de maio de 2006.

De todos os xeitos, como vexo que vostedes non queren arranxar esas táboas porque llo di o Partido Popular pois xa llo dirán os veciños, pero tamén lles terá que explicar o señor alcalde ós veciños como hai uns meses, en campaña electoral. En Bouzas hai un antes e un despois, é verdade que daquela el non era alcalde da cidade senón presidente do Porto, pero vostede coma min seguramente recibiu estes panfletos porque eu os retirei tres ou catro veces da caixa do correo xa que se repartiron en varias ocasións.

Falaban do plan de urbanización de Bouzas que non o imos reclamar, se llo reclamara agora vostede me diría que estou tola porque isto realmente si leva tempo, poderémosllo reclamar cara o remate do mandato pero non agora. Ese antes e despois que viron os veciños nestes catro meses é a súa despreocupación. Ademais de ensinar en pequeniño un recadro do paseo Paz Andrade no que as árbores non deixan veren as madeiras que están detrás, este panfleto dicía: “Somos conscientes desta débeda que esperamos compensar con calidade de vida para todo Bouzas”.

Isto dicíase dende o Porto pero o mesmo responsable daquela é quen agora preside esta Corporación e eu só lle pido que, se non arranxa as táboas, alomenos que se ocupe de cumprir con estas promesas, pero dificilmente os cidadáns van crer que vaian facer isto se non son quen de arranxar unhas táboas e unhas laxas en tres meses.

A PRESIDENCIA: Moitas gracias, señora Molares, os veciños crerano porque o mirarán.

(Están ausentes os Sres. Coello Bufill e Guerra Fernández).

VOTACIÓN E ACORDO.- Con catorce votos en contra dos Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Alonso Pérez, Calviño Rodríguez, Díaz Vázquez, Domínguez Olveira, Lago Rey, López Atrio, López Carreira, López Font, Méndez Piñeiro, Rivas González, Rodríguez Díaz, Veloso Ríos e a Presidencia, e once votos a favor dos Sres. e Sras. Comesaña Abalde, Conde Gil, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, González Sagarra, Iglesias Bueno, Larriba Leira, Martiño Gómez, Molares Pérez, Porro Martínez,

ACÓRDASE:

Rexeitar a moción formulada pola concelleira do Grupo municipal do Partido Popular, Sra. Molares Pérez, relativa á situación do paseo Paz Andrade de Bouzas, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

14.- (144).- DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR INSTANDO Ó MANTEMENTO NA PRAZA DE PORTUGAL.

ANTECEDENTES.- O concelleiro do grupo municipal do Partido Popular, Sr. Figueroa Vila, por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 19 de outubro de 2007, propón para o seu debate en sesión plenaria a seguinte moción:

"Achegándonos en poucas datas ós primeiros seis meses do actual goberno da cidade, os cidadáns están a verificar o lamentable estado de abandono no que se atopan a maioría dos contornos de lecer, prazas e rúas da nosa cidade recentemente humanizadas.

A situación que se está a vivir tira pola borda o traballo e esforzo feito polo anterior goberno de Corina Porro, que contou coa colaboración dos distintos departamentos involucrados na conservación e mantemento dos espazos públicos, obtendo un elevado grao de satisfacción de veciños e veciñas. Hoxe estamos a constatar como o abandono da cidade é denunciado polos vigueses e tamén queda constatado polos medios de comunicación nas súas páxinas, imaxes e comentarios.

A falla de limpeza nas rúas e beirarrúas, os contedores desbordados de lixo, as gabias das arbores convertidas en permanentes vertedoiros, bancos rotos, estanques e láminas de auga sen funcionar, arbores mortas, pintadas nas paredes, beirarrúas manchadas e marcadas con *chicles*, sinais caídas, son exemplos do grao de deterioro e abandono que vivimos.

Moitas intervencións urbanas no centro da cidade carecen dos coidados necesarios. Como exemplo, o deterioro da Praza de Portugal, da que se queixan permanentemente os veciños e usuarios, así como do estado das beirarrúas e os seus elementos.

A falla de sensibilidade do actual goberno e, o que resulta máis grave, a ausencia de xestión diaria, lévanos lembrar etapas e episodios vividos onde o abandono e a falla de coidado dos contornos e mobiliarios así como zonas verdes, resultaba habitual.

Vigo non merece volver á mediocridade e a ruindade, temos que comprometer nos todos, esixindo en primeiro lugar ao goberno que manteña os nosos espazos públicos nas debidas condicións para o goce dos cidadáns e tamén das persoas que nos visitan.

Por todo isto, o grupo municipal do Partido Popular propón ó Pleno da Corporación do Concello de Vigo a seguinte proposta:

Que se apliquen as medidas correctoras de conservación e mantemento nas xestións diarias dos servizos xerais do Concello, para que a Praza de Portugal volva recuperar a boa imaxe e aspecto que viña ofrecendo dende a súa remodelación, un aspecto que demandan os cidadáns e que debemos ofrecer aos nosos visitantes”.

A comisión informativa de Servizos Xerais, en sesión do 22 de outubro, quedou enterada do contido da anterior moción.

DEBATE.- SR. FIGUEROA VILA: Esta moción ven dada por unha das queixas nas que se está repetindo durante as últimas semanas polo deterioro, pola falla de mantemento que está sufrindo a cidade en xeral e dun xeito particular aquelas obras ou humanizacións que fixo o goberno anterior.

Recoñecerán que o goberno anterior fixo unha serie de proxectos importantes para a nosa cidade en canto a humanizacións que quedaron perfectamente rematadas e supoño que non se xustificarán tamén no tocante á Praza de Portugal porque a responsabilidade e seriedade do equipo de goberno así nolo farán saber neste Pleno.

En todo o contorno da Praza de Portugal fíxose unha remodelación importante e a cidadanía en xeral deulle o seu praxe e coido que tamén todas as persoas que

visitaron esa praza.

En pouco tempo, en menos de tres meses, esa praza está a sufrir un importante deterioro en todo o seu contorno. En concreto nesta moción falamos desta parte da cidade pero tamén temos queixas de moitísimas outras partes nas que se fixeron obras e non se está facendo un mantemento.

Evidentemente as palabras da concelleira responsable de Vías e Obras están aí, non as inventamos nós. Para xustificar a súa falla de xestión e de control di nun medio de comunicación o martes 23 de outubro: “A limpeza de xardíns clama ó ceo, é lamentable e deixa moito que desexar”. Non o dicimos nós, dio a señora concelleira responsable de Vías e Obras. Supoño que sería unha xustificación diante do seu alcalde porque coido que algún tema interno tivo que haber xa que o alcalde saíu nunha conferencia de prensa defendendo á súa concelleira dicindo que se ía resolver porque era un problema da concesionaria.

Señora Abelairas, vostede ten experiencia municipal, outros tamén a temos e sabemos que o control das concesionarias se ten que facer por parte dos políticos e tamén dos técnicos que están colaborando con vostede. Polo tanto vostede si que di claramente que os parques e xardíns da cidade están nun estado lamentable.

Iso é o que nós traemos nesta moción con respecto á Praza de Portugal e o seu contorno, pero a maiores aquí hoxe se falou doutros temas xerais e coido que ese é un dos problemas que está a padecer a cidade. Hai un abandono, unha desidia por parte da responsable de Vías e Obras que semella que todo lle está a caer a vostede pero é certo que onde vaiamos os colectivos nos están a dicir que hai un abandono en xeral da cidade.

Cando se fixo referencia ó Casco Vello, nós non estabamos falando das obras pero si quero dicir que o proxecto inicial foi do Sr. González Príncipe, do Sr. López Peña e de dona Elena Espinosa, gústelles ou non. Don Pablo Egerique gobernou a Zona Franca dende o ano 97 e polo tanto ese proxecto non foi del e coido que toda a cidade o sabe. Méntese moito nesas cousas, en algo tan importante e ó final sábeo toda a cidade pero non deixa de ser unha anécdota. O proxecto “Abrir Vigo ó Mar” aprobouse polo Sr. González Príncipe sendo alcalde e, que eu saiba, só foi alcalde do ano 91 ó 95. Se menten nesa cuestión tan importante, clara e contundente e que coñece toda a cidade, en que non van mentir? Din barbaridades a cotío.

Claro que todos temos memoria pero houbo un goberno anterior que, non sei como,

foi quen de sacar cara adiante esta cidade e ademais co seu parabén porque ó final os cidadáns son sabios e saben perfectamente a quen si e a quen non apoian e déronlle a un partido 66.000 votos. Con todo o desastre que vostedes fixeron durante os últimos catro meses teñan coidado con estas mensaxes porque están dubidando da intelixencia de moitos cidadáns que apoiaron a un partido maioritariamente o que quere dicir que as cousas se fixeron ben.

Claro que nós falamos da memoria é de que o goberno do Partido Popular tivo un único orzamento e coido que fixo abondo con el, que investiu con rigor, con seriedade e ademais presentando unha serie de reivindicacións e demandas da propia cidadanía, por iso nós seguimos presentando mocións sobre os nosos proxectos. Non estamos aquí só para criticar ó goberno, estamos tamén para presentar proxectos alternativos do que nós coidamos que é o noso proxecto de cidade e ímolo seguir facendo. Estamos lexitimados para seguir facendo proxectos, propostas e alternativas, como fixeron todos os meus compañeiros; a maior parte destas propostas están incluídas nalgún borrador dalgún orzamento que nós presentamos, nalgunha modificación de crédito que nós presentamos contra remanente, nalgunha proposta do Plan Parroquias que nós fixemos. O único que estamos a facer é recollendo esas peticións e actualizándoas, peticións que na maioría dos casos vostedes votaron en contra porque había un único obxectivo de abafar a un goberno do Partido Popular presidido pola Sra. Porro; ese foi o seu obxectivo durante os últimos tres anos de goberno do Partido Popular.

Vostedes teñen maioría absoluta e poderían nada máis chegar ter un orzamento propio con esa maioría que lles dá a unión dos grupos BNG e Partido Socialista, pero non o fixeron, polo tanto non teñen ningunha xustificación para dicir que a cidade non se pode seguir mantendo. Xa non lles falamos de obras novas como dicía a señora Molares, falamos de obras que se executaron e que hai que manter. As obras hainas que manter dende o primeiro día, non se pode esperar a que pasen tres ou catro meses para dicir que a empresa de mantemento non cumpre, que clama ó ceo porque non teñen un control sobre ela. Supoño que con tantos nomeamentos de coordinadores que fixeron poden vostedes executar estes temas. Vías e Obras foi un departamento que funcionou magnificamente ben durante tres anos e medio e aí están os resultados, están proxectos e ideas que quedaron enriba da mesa para que vostedes os puideran executar. Pero cando unha concelleira se

xustifica con que non está controlando á empresa, digan vostedes de quen é a responsabilidade. Será do Partido Popular que está na oposición a responsabilidade do control da concesionaria de parques e xardíns? Ademais vostedes criticáronlle continuamente ó goberno anterior que só funcionaba parques e xardíns.

Busquen outra empresa e ó mellor aínda a cidadanía lles podería dar a razón porque igual non se exerceu o control que se debería aínda que coido que si dentro das posibilidades que tiñamos. Van vostedes elixir á única empresa que criticaban porque funcionaba correctamente e porque se fixo un esforzo importante en parques e xardíns.

Ese é o motivo de presentar esta moción. Falamos da Praza de Portugal pero tamén se podería facer extensible a todas as outras rúas que se construíron durante o mandato anterior e por suposto tamén a outras rúas que hai que seguir mantendo e polas que nós tamén imos incidir nos vindeiros meses.

A moción di “Que se apliquen as medidas correctoras de conservación e mantemento nas xestións diarias dos servizos xerais do Concello para que a Praza de Portugal volva recuperar a boa imaxe e aspecto que viña ofrecendo dende a súa remodelación, un aspecto que demandan os cidadáns e que debemos ofrecer ós nosos visitantes”.

SRA. ABELAIRAS RODRÍGUEZ: Sr. Figueroa, como vostede se dispersa, eu tamén o vou facer e vou comezar polo final.

En materia de orzamentos entendo que estea sorprendido pero fíxese que mañá imos aprobar os orzamento e, que me corrixan, coido que ó mellor seremos o primeiro Concello de Galicia que os aprrobe, fíxese que sorpresa. Eu entendo que para vostedes ten que ser cando menos frustrante. Hai que saber moi ben o que é a democracia, hai que ser moi demócrata e fundamentalmente hai que saber perder. Ten que ser frustrante ter maioría de votos e non ter o goberno pero iso forma parte do xogo democrático, dos pactos e das regras do xogo democrático. Iso é moi fácil de entender para os que realmente cremos na democracia.

Falareille como antes á señora Molares. Non se aproveite vostede do que di unha concelleira cando está a dicir a verdade, ó mellor nalgún momento terán que explicar cousas vostedes por que determinadas partidas orzamentarias que estaban para colectores de saneamento se transferiron para parques e xardíns. A

ver cales son realmente as necesidades dos cidadáns.

Vostede, Sr. Figueroa, como experto no tema aproveita para dicir que isto é unha moción pero realmente e polo texto sabe que sería un rogo, pero lle vou contestar.

De verdade que eu sempre adoito comprobar todo e fun á Praza de Portugal por ver o que estaba pasando realmente porque tiña novas de que se baleirara a auga para proceder á comprobación respecto a unhas poucas filtracións que había.

Señor Figueroa lembrará que esa Praza a inauguraron vostedes ós catro ventos o 24 de marzo de 2007. Lembrarán que o proxecto inicial o modificaron porque non daba tempo a rematar antes das eleccións e cambiaron a pedra por xabre. Por certo, un xabre que anda bailando por toda a praza e consecuentemente obstrúense os sumidoiros. Coas presas da inauguración non comprobaron o punto de impermeabilización do estanque; cando menos unha irresponsabilidade. Fixémolo nós, baleiramos a fonte, comprobamos se había ou non filtracións e habíaas.

Non teñan tan pouca memoria. Haille que esixir á empresa que fixo a obra e o estamos a facer, non a imos recibir porque si que nos doen os cartos dos cidadáns e iso pagouse cos seus cartos. Non o imos facer mentres a empresa non asuma a responsabilidade que vostedes non foron quen de facer que asumiran en canto á impermeabilización do estanque e teñen que repoñer tamén as árbores que se están secando.

Alí deuse o paradoxo de que a empresa que fixo o parque regalou uns cantos elementos para un parque de maiores; colocáronse tres elementos, o resto coido que se ían colocar noutras zonas da cidade. A sorpresa foi que ós tres días a empresa estaba arrancando aqueles elementos porque seica dixeron que eran prestados, pero os veciños se opuxeron e non foron capaces dos levar.

Señor Figueroa, imos votar en contra da súa moción porque os elementos estéticos da praza están máis ou menos como os deixaron vostedes pero cunha atención específica: o fondo.

SR. FIGUEROA VILA: Paréceme ben que vostede recoñeza o dos pactos pero se saber perder é ter 22.000 votos máis ca vostede, quee quere que lle diga. O mellor en calquera momento cambian as tornas, non se preocupe porque esa é a situación, se vostede ten a prepotencia e a arrogancia para dicir iso teña coidado porque estas cousas cambian rapidamente, ó mellor en menos tempo do que

espera un. Se quere facer ese discurso, alá vostede.

Noto que ten que buscar xustificacións e non as ten porque se unha concelleira di que clama ó ceo que unha empresa non funcione, algo falla, ou fallaba a empresa, ou a obra, ou todo, ou vostede non se decata que coido que ó mellor é o que empeza a pasar.

Co tema do mobiliario urbano non se decata de nada pero o problema do seu goberno e sobre todo do Grupo Socialista é que teñen moitas intoxicacións internas entre compañeiros para tentar desprestixiar ó Partido Popular ou para se xustificar algúns a súa mala conciencia durante anos anteriores. Eu xa lle dixen un día ó alcalde que tivese coidado coas filtracións e coas informacións que lles dan algúns compañeiros porque ó mellor non son reais.

Nós tamén temos información, non pensen que a teñen só vostedes, a xente sabe que pasou nesta cidade e aínda que vostedes teñen agora o goberno, tamén contan co Partido Popular porque pensan que non vaia ser que haxa algún cambio e poida volver gobernar e nos comentan algunhas cousas. Cando chegan as empresas e se entrevistan co señor alcalde dinlle o que segundo elas pasou e el pensa que non tiña esa información porque non lla deron ben e rectifica cando está en privado coas empresas, cando non hai concelleiros diante e, como sabemos que iso é real porque nolo contan, dicímolo no Pleno.

Iso é o que lle está pasando a algún de vostedes, que ten informacións manipuladas para tentar xustificar cousas. En canto o que di vostede sobre o mobiliario urbano é porque non se decata.

Fíxose unha exposición sobre o mobiliario urbano logo da adxudicación da Praza de Portugal; esa exposición fíxose para elixir os elementos e para lle ensinar á cidadanía cal era o mobiliario que ía ter esta cidade. Logo da exposición había que retirar os elementos, pero é certo que os veciños pediron que deixaran alí algúns elementos do mobiliario urbano e supoño que se aceptou polo gobernante daquela, primeiro nós e logo vostedes, pero non era para quedar aí ese mobiliario. Esta é a primeira cuestión que é mentira.

Segunda cuestión. O proxecto non se cambiou, tomouse sempre a decisión de botar xabre porque nós pensamos que hai que ter máis elementos que a lousa e o granito e por iso se fixo así e penso que as humanizacións teñen na cidade unha aceptación bastante razoable polos cidadáns en xeral.

Por outra banda, se as árbores non se regan evidentemente que secan pero está claro que é unha falla de xestión da empresa, de vostede que ten que controlar a empresa e por suposto do propio goberno.

Sra. Abelairas, ten que empezar a recapacitar en canto ó seu departamento porque son moitas as críticas seguidas que está a ter, pero non só dende a oposición, dende os medios de comunicación as críticas son a diario pero non feitas por nós porque poderían ser interesadas, partidistas, críticas políticas que nós tentásemos facer por mor dos nosos intereses, pero non; a cotío hai unha crítica contra Vías e Obras, de falla de atención, de desidia, de non atender á xente, etc., dino os colectivos e os medios de comunicación que non o inventamos nós.

Esta crítica mesmo non foi nosa, nós recollémola porque evidentemente para iso estamos aquí, á parte de dar iniciativas, de facer propostas, estamos para recoller as inxerencias que nos formulan os veciños e veciñas e iso é normal e vostedes fan exactamente igual como goberno para tentar corrixilas dentro das súas posibilidades. Esta é unha denuncia dos propios cidadáns que viven no contorno da Praza de Portugal e das súas rúas. Nós recollémola e facémola nosa porque evidentemente ese é un papel que tamén ten que xogar a oposición.

Coido que vostede podería dar outra xustificación, buscar outros argumentos, dicir que están traballando, que van solucionar este tema, dicir que quizais houbo abandono por parte de Parques e Xardíns, ó mellor non se está dedicando plenamente a isto, ou ten xente de confianza ó seu carón que non traballa as horas axeitadas, ou igual eses grandes coordinadores que teñen non lle dedican as horas que deben, ou pásanlle mal a información, ou ten algunha persoa importante dentro do departamento que ó mellor non está a traballar nestes momentos por situacións persoais que todos lle desexamos o mellor, etc.

De seren así entenderíamola porque é lóxico, a un recién chegado a un departamento non lle é fácil coller o ritmo, tarda catro ou seis meses en se poñer ó día e ter coñecemento de todo o que está acontecendo. Pero vostede di cousas que non son certas como a do paseo de Bouzas porque a señora Molares non lle estaba formulando unha moción dun tramo do paseo de Bouzas; era doutro tramo e polo tanto é un descoñecemento da situación e iso si que xa nos preocupa.

Vostede agora tenta argumentar cunha filtración; pois ata lle vou dar o beneficio da dúbida de que poida existir esa filtración pero, que ten que ver iso co deterioro dos

xardíns, con que non se reguen, con que as árbores estean totalmente secas, con que estea todo pintado e vostedes non fan o mantemento, con que estea sucio polas mañás e os veciños da zona non poidan ir alí? Evidentemente algo falla e non é só unha filtración porque de ser así baléirase o estanque, corríxese ou non, pero non pasaría nada. Pero nin con esa é quen de xustificar.

Nós non tiñamos pensado presentar a moción pero cando vostede sae nos medios de comunicación botándolle a culpa á empresa, pensamos que si porque semella que nos está tomando o pelo. Vostede mesma busca argumentos non xustificables. Como pode dicir que a empresa ten a culpa? Agora dá outro argumento totalmente distinto.

Eu non sei se o alcalde lle tirou ou non das orellas, supoño que algo lle diría porque nunha conferencia de prensa fixo mención a isto; evidentemente non o vai dicir en público pero os que coñecemos como funcionan as organizacións e os gobernos a nivel interno sabemos que algo tivo que dicir porque un alcalde non sae nunha conferencia de prensa dunha Xunta de Goberno tentando defender a unha concelleira por un tema importante porque o é, pero non deixa de ser tamén un tema menor o mantemento dunha praza. Iso quere dicir que algo pasou.

Eu supoño que o alcalde terá que estar preocupado pola súa falla de xestión porque son permanentes as críticas ó seu departamento, é cotiá, é coller un medio de comunicación e está vostede metida nalgunha lea ou hai unha folga, ou falla mantemento, ou non recibe a un colectivo, ou dille que si a un e fai o contrario, pero aí está vostede todos os días nos medios de comunicación. Non sei se vostede é a protagonista deste goberno pero si que o empeza a ser.

SRA. ABELAIRAS RODRÍGUEZ. Menos mal que logo de tanto tempo afortunadamente todos nos coñecemos.

Da empresa concesionaria, de como se rematan as folgas coido que hai que falar longo e ó mellor a algún sáenlle as cores. Dáme un pouco de medo, Sr. Figueroa, o seu discurso. Tomei nota. Teña coidado. Eu estiven case sempre na oposición, só catro anos no goberno, pero na miña vida laboral estiven sempre na oposición porque sempre estiveron vostedes gobernando. Traballando eu na Concellería de Educación todos os meus concelleiros foron do Partido Popular e non tiven ningún problema con eles, eu reivindicaba o que coidaba xusto e eles dábanmo ou non.

Pero esas expresións si que me dan medo, creo que hai que coidar moitísimo a linguaxe e as persoas que nos dedicamos a isto e os que nos están escoitando, tanto que se apela ós medios de comunicación, hai certas expresións que era mellor non as ter.

Repito que na Praza de Portugal houbo que facer o que non fixeron vostedes, hai que comprobar antes de recibir esa obra que está ben feita e se non é así se lle multa á empresa, non se lle paga ou se lle executa o aval. Fíxese canto aprendín en tan pouco tempo.

Coido que estamos falando de medios de comunicación distintos pero a min me anima cando vexo que os medios de comunicación falan dunha zona porque quizais non o podo ver todo cos meus propios ollos, pero non pasa ren porque as críticas as hai que recibir, asumilas e traballar. Non se preocupe que niso hai unha lixeira diferenza entre vostede e máis eu.

Non siga co tema da empresa. Repito que ó mellor haberá que facer un monográfico e ó mellor a alguén lle saen as cores, ó mellor ten que explicar por que unha partida orzamentaria moi importante para acometer unha obra, posiblemente dun colector, foise para plantas; foi unha decisión política que eu agora non discuto pero ó mellor non estaría de acordo.

Repito, señor alcalde, que imos votar en contra desa moción porque nós si estamos arranxando o que vostedes non foron quen de facer.

Os cidadáns de Vigo van darse conta de que nós si facemos as cousas con responsabilidade e seriedade, esixíndolle ás empresas que cumpran coas súas obrigas.

En canto ó mobiliario urbano do que falaba vostede, fíxese ata que punto nos preocupa que estamos pedindo bancos para os parques e non estamos pensando na súa cor ou deseño; estamos pensando nas persoas con discapacidade que nos transmitiron a necesidade de apoiar os brazos, que estiveran divididos os bancos. Pensamos nos cidadáns.

SR. FIGUEROA VILA: Coido que a señora Abelairas se contradí continuamente.

Se vostede quere facer un control dunha obra fágao pero supoño que non terá que ver con que se secan ou non as árbores, botarlle auga ou non non é un problema de execución da obra; que o lixo estea no estanque non é un problema da obra, que

cando chegan os veciños ás nove da mañá cos nenos e nenas os parques infantís estean sucios tampouco é problema da obra.

Señora Abelairas, vostede ten unha falla de xestión tremenda e dígollo con todo o cariño e respecto. Claro que vostede e máis eu entendémonos perfectamente e cando vostede estaba na oposición e chamaba, tentáballe axudar e facer cousas e ó revés; é certo que cando lle pedín algo a vostede tentou axudar, pero iso non ten nada que ver con isto. A relación persoal empeza ó remate deste Pleno, aquí hai un debate político e vostede defende unhas posturas e nós coido que defendemos unha posición que é a que temos neste Pleno e imos seguir defendéndoa pero coido que vostede ten que tentar buscar outros argumentos porque os que está dando se xustifican dun xeito moi feble porque se di que o proxecto “Abrir Vigo ó Mar” non o fixeron o Sr. González Príncipe, o Sr. López Peña e dona Elena Espinosa. A partir daí pódolle crer pouco neste Pleno, igual fóra lle podo crer máis.

Eu teño un bo concepto de vostede a nivel persoal pero a nivel político me empeza a decepcionar e a defraudar. Sabe que cando levou limpeza, dende a oposición lle botamos unha man, falabamos e tentabamos colaborar pero coido que ó mellor o departamento de Vías e Obras igual é demasiado, ten moitos subdepartamentos importantes e ó mellor non ten tempo suficiente para o poder levar todo. Iso é o que lle está pasando porque senón non se pode explicar. Primeiro, ten unha falla de coñecemento dos temas; segundo, unha xustificación en moitos casos absurda e que non se corresponde coa realidade e, terceiro, que por riba tenta atacar.

Vostedes están gobernando, teñen a responsabilidade de gobernar e manter esta cidade en condicións e por suposto que nós estamos orgullosos dun xeito tremendo de defender un departamento como Parques e Xardíns e outro como Vías e Obras, porque si que os defendemos, cos cartos que nós tiñamos coido que fixemos milagres e algún día falaremos diso. Supoño que mañá o meu compañeiro, señor Guerra, falará nos orzamentos de moitas cousas e deses temas tamén pero nós tivemos un único orzamento, Sra. Abelairas, e vostedes que estaban dese lado tentaban abafar ó goberno. Esa é unha decisión política que cada quen toma ou non, pero agora se dan conta vostedes dunhas obras que fixemos en debidas condicións, que melloramos e humanizamos e que por moito que queiran vostedes inventar, aí está na cidade a man do Partido Popular e aí están os seus proxectos que vostedes en pouco tempo os están estragando e deteriorando. Isto é grave

para a cidade porque maxinen obras que acaban de rematar ou remataron hai un ano ou ano e medio durante os tres anos e medio, se non se fai o seu mantemento esas obras en pouquiño tempo estráganse e pasa que cando as obras son novas vense máis os defectos.

Por suposto que vostede non quererá que se lle faga cambiar o estanque do Berbés pero a sucidade está aí. Ata vou coincidir con vostede en que o primeiro día de chegar ó goberno o estanque do Berbés estivera sucio, pero se logo de tres ou catro meses está cheo de lixo igual vostede non ten ningún argumento para criticar nada porque quere dicir que en catro meses vostede non fixo absolutamente nada e máis cando houbo reivindicacións dos propios veciños. Ou pasa dos veciños e non se decata de que existen ou é moito máis grave.

Non debería ser así pero en política é entendible que mentres non haxa unha denuncia ó mellor non se actúa, pero se vostede no paseo de Bouzas ten os valados tirados dende hai 15 ou 20 días que se presentou a moción, logo de presentar a moción do Berbés tampouco limpa, entón si que hai desidia, abandono e mesmo diría que hai certa chanza e semella que non lle preocupan os temas porque se eu fose responsable e soubera que hai unha moción, unha inqueda por parte dos veciños e veciñas, que mo están poñendo en internet, que me están criticando a cotío, que os veciños saen nos medios de comunicación, preocuparíame.

Supoño que igual non pode cambiar o estanque de inmediato, que o cambiará a medio prazo, pero o que si pode facer é mandar unha brigada para o limpar. Se vostede non fai iso é porque ten abandonada a súa concellería. Dende este punto de vista o teño claro e non sei o que pensará vostede, o señor alcalde e o equipo de goberno pero, señora Abelairas, co respecto persoal que lle teño, coido que leva catro meses sen acertar, vai de mal en peor. Eu faría unha reflexión, ó mellor igual necesita unhas vacacións, é mellor que marche uns días, que descanse agora que ven a ponte e a ver se ven máis animada. Sabe que nós desexamos que lle vaia ben.

(Están ausentes os Sres. Coello Bufill e Guerra Fernández).

VOTACIÓN E ACORDO.- Con catorce votos en contra dos Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Alonso Pérez, Calviño Rodríguez, Díaz Vázquez, Domínguez Olveira, Lago

Rey, López Atrio, López Carreira, López Font, Méndez Piñeiro, Rivas González, Rodríguez Díaz, Veloso Ríos e a Presidencia, e once votos a favor dos Sres. e Sras. Comesaña Abalde, Conde Gil, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, González Sagarra, Iglesias Bueno, Larriba Leira, Martiño Gómez, Molares Pérez, Porro Martínez,

ACÓRDASE:

Rexeitar a moción formulada polo concelleiro do Grupo municipal do Partido Popular, Sr. Figueroa Vila, relativa á situación da Praza de Portugal, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

URXENTES:

A.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PP INSTANDO Ó MANTEMENTO DA FESTIVIDADE DE SAN ROQUE, QUE SE CELEBRA O 16 DE AGOSTO, COMO FESTIVO LABORAL CON CARÁCTER LOCAL.

ANTECEDENTES.- No transcorrer da sesión ordinaria do Pleno da Corporación, con carácter urgente e mediante escrito, a concelleira do Grupo municipal do Partido Popular, Sra. Molares Pérez, formula a seguinte moción:

“O alcalde de Vigo sorprendeu a todos cunhas declaracións na prensa anunciando o cambio dos festivos locais para o vindeiro ano 2008. Segundo explicou o alcalde, por decisión do goberno municipal a festividade da Virxe do Carme, o 16 de xullo, substituirá ao día de San Roque, o 16 de agosto, como festivo local. O cambio da festividade local aparece reflectido no calendario laboral que se publicou o venres, 26 de outubro, no Boletín Oficial da Provincia, cando até o de agora calquera modificación das festividade locais contaba co apoio do Pleno da Corporación.

Foron os concelleiros do Partido Socialista os que decidiron non someter á votación do Pleno o novo calendario laboral. De feito, na Xunta de Voceiros realizada esta semana se acordou que o secretario municipal estudaría se o asunto se podía aprobar sen ter que ser sometido ao Pleno da Corporación.

O grupo municipal do Partido Popular considera que as festas laborais de carácter local incluídas no calendario laboral non teñen por que sufrir modificacións e lembra que a festividade de San Roque sempre se considerou como festivo local.

Por todo o exposto, o Grupo Municipal do Partido Popular propón ao Pleno da

Corporación do Concello de Vigo que se adopte o seguinte acordo:

Que o Goberno rectifique e manteña a festividade de San Roque, que se celebra o 16 de agosto, como festivo laboral con carácter local.”

(No momento das votacións están ausentes os Sres. Coello Bufill e Guerra Fernández)

INTERVENCIÓN DA SRA. MOLARES PÉREZ: A urxencia xustifícase pola publicación no BOP, o venres 26 de outubro, do calendario laboral sen pasar polo Pleno.

VOTACIÓN DA URXENCIA.- Por unanimidade dos vintecinco membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constitúen de dereito e de feito, apróbase a declaración da urxencia ó se acada-la maioría absoluta esixida polo artigo 51 do texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local aprobado por real decreto lexislativo 781/1986, de 18 de abril, e artigo 83 do regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por real decreto 2468/86, de 28 de novembro.

DEBATE.- SRA. MOLARES PÉREZ: Como dicía a urxencia ven motivada por esta publicación. Primeiro sorprendeunos que o alcalde no nome do goberno municipal comunicara en prensa que os festivos locais se cambiaran, en concreto a do 16 de agosto, festa de San Roque, pola festa do Carme. Isto tratouse nunha Xunta de Voceiros na que estivo por parte do Grupo popular o Sr. Figueroa e na que polo Grupo Socialista se presentou a posibilidade da innecesariedade de aprobar isto no Pleno e que fose por acordo de Xunta de Goberno ou doutro xeito, cuestión que quedou de analizar o secretario deste Pleno.

Isto foi o xoves e o venres atopámonos con esta publicación que afortunadamente vimos porque senón o saberíamos a través dos medios ou veríamos o boletín máis tarde, pero non poderíamos ver neste Pleno que o calendario laboral, como todos vostedes saben, hai uns festivos de carácter xeral e outros de carácter local.

No punto segundo deste acordo estipúlase: “As festas laborais de carácter local” e o curioso é que ademais di “a proposta do Pleno dos respectivos Concellos”. Espero que nos outros concellos non se dera a mesma situación porque está claro que aquí, alomenos neste Pleno, non se tomou esta decisión.

Polo tanto hai dúas cuestións importantes, unha que é a formal e cremos que non hai nada que habilite que esta decisión non sexa adoptada en Pleno posto que o ano pasado e os anteriores se fixo por acordo plenario e segundo tamén en canto ó fondo de cambiar estas datas.

Instamos a que o goberno rectifique e manteña a festividade de San Roque que se celebra o 16 de agosto como festivo laboral con carácter local. Pensamos que é unha festa arraigada na cidade, que precisamente os festivos locais están para iso, para que se recoñeza unha festa con tradición na cidade e non hai outra festa como a de San Roque para que siga sendo así.

De todos os xeitos pensamos que con esta decisión, con esta publicación no Boletín Oficial da Provincia, se rompe unha traxectoria que era que se acordase en Pleno. Non podo dicir porque non o sei, se o Bloque Nacionalista Galego está a favor ou en contra de seguir apoiando esa festividade local, espero que así sexa porque sei que ademais o voceiro é coma min próximo á zona de San Roque e polo tanto espero que neste caso si apoie esta moción.

SR. LÓPEZ FONT: En primeiro lugar, manifestouse na Xunta de Voceiros que se analizara por parte do secretario se ten que ser un acordo plenario ou non.

Eu manifestei na Xunta de Voceiros o feito de que, se por parte do secretario se nos indicaba ó goberno que tiña que ser acordo plenario, se tomase a decisión sobre o festivo aquí. Iso foi o que manifestei na Xunta de Voceiros, tamén recoñecendo que unha vez que a Delegación Provincial da Consellería de Traballo se dirixira á Alcaldía para fixar os dous festivos locais, é certo que houbo unha comunicación por parte da Alcaldía e que nela se fixaban estes dous días festivos.

Primeiro, quero facer a reafirmación de que para este goberno os festivos locais de Vigo son o día da Reconquista e San Roque, polo tanto ningún cambio. Saben perfectamente todos os concelleiros e de feito hai práctica nesta cidade e en todas as cidades, no calendario estatal e no autonómico, que cando unha festividade determinada coincide en festivo tense a opción da cambiar ben para o día seguinte, ben para outro día. Lembro a alternancia que se está dando co día 19 de marzo, San José.

Polo tanto reafirmo que non hai ningún cambio neste goberno e son os festivos San Roque e o día da Reconquista. Sinxelamente para o ano 2008, no que coincidían

unha serie de festivos en domingo e que polo tanto podían minguar a capacidade de disfrute dos cidadáns, tendo en conta que o día 16 de agosto é sábado e sobre todo porque é un mes de vacacións no que posiblemente o 60-70% dos cidadáns de Vigo están de vacacións, tratábase de trasladar ese día festivo a outro.

Como ten que quedar reflectido no calendario laboral, considerouse a posibilidade de que se fixera o luns festividade de San Agapito e Santa Elena e coidamos que era bo que nunha cidade coa tradición mariñeira que ten Vigo, que unha parte moi importante do sector produtivo xa celebra o día do Carme, outros Concellos achegados ao de Vigo tamén o celebran, sería unha boa opción só para o ano 2008 que o día da Virxe do Carme fose festivo, só con esta intención. A intención era, independentemente de que legalmente poidamos reconsiderar este asunto, manter os actos conmemorativos do día de San Roque, todo o que implica esa festividade.

En relación coas reaccións que houbo nesta cidade polo que resaltei e insistín en que reafirmamos que San Roque é festivo de Vigo. Era sinxelamente coa intención de que non se perdera un festivo nun ano en que outros festivos, como o día 6 de xaneiro e demais, coincidían en domingo.

Eu díxeno na Xunta de Voceiros aínda que o señor Figueroa se poida sorprender un pouco; non serei eu quen vaia en contra de algo que legalmente procede facer. Se unha vez que se falou, aínda recoñecendo que a comunicación estaba realizada á Consellería de Traballo, caso de que isto teña que ser un acordo plenario, son eu o primeiro que manifesta aquí que se reconsidere este tema, que se ten que ser legalmente un acordo de Pleno que se proceda a ese acordo e coido que todos os concelleiros sabemos que é o suficientemente fácil como para que no Boletín Oficial da Provincia, caso de que o houbera que modificar, se produza unha corrección de erros.

Pero de verdade quero facer especial fincapé e un chamamento ós veciños, que estaban preocupados porque puideran crer que este goberno quería cambiar o día de San Roque, que nada máis lonxe da nosa intención. San Roque segue sendo o festivo de Vigo, os actos de San Roque deben manter toda a entidade que tiveron ata agora. Poderíanse ver os antecedentes que nalgún ano, cando o día da Reconquista foi sábado ou domingo, cambiouse para o luns seguinte que era o da Semana Santa ou demais. Quero dicir con isto que tampouco ninguén se chame a engano porque a mecánica de cambiar cando o festivo é sábado ou domingo non

altera nin moitísimo menos á secuencia de que ese sega sendo un festivo.

De todos os xeitos, presentada a moción e sen ánimo de querer entrar en polémica, someto o que dixen na Xunta de Voceiros, que se analice legalmente se isto ten que ser un acordo plenario e nese caso buscaríamos un acordo entre os tres grupos.

SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA: Hai dúas cousas neste tema que debemos ter en conta. En primeiro lugar, efectivamente a actuación do goberno municipal foi clara, levado precisamente por tentar manter ese festivo, que o Bloque segue e seguirá apoiando sempre a festividade de San Roque como unha das festividades locais e dígoos para contestar ó Partido Popular. Aquí houbo unha cuestión de non desaproveitar un festivo polo feito de cadrar en sábado e cambiouse, pero tamén os responsables políticos temos que ter, dígoos claramente, a suficiente humildade para escoitar á cidadanía e se a cidadanía, como nos está manifestando, non está de acordo con esa actuación, eu mesmo escoitei veciños que pedían que se trasladara para o luns seguinte, señor alcalde eu pediría que chegamos hoxe a un acordo para que quede en suspenso esta decisión e poidamos xuntármonos os grupos, reconsiderar esta situación e poñérmonos todos de acordo.

SRA. MOLARES PÉREZ: Penso que isto é grave, ademais non é a primeira vez que pasa no Concello de Vigo, temos un acontecemento no ano 84 referente ó ano 85, presidindo esta Corporación o Sr. Soto, que por unha cuestión non igual pero similar porque tamén houbera un problema en canto ó acordo que se adoptara en Pleno por unha moción urxente, logo de ser tratado no Pleno ó final unha rectificación do alcalde daquela na que dixo que non tiña problema en rectificar porque se equivocara e coido que realmente esta é unha decisión de Pleno porque así o publica don Pedro Borrajo Rivás, actual delegado provincial de Traballo, segundo pon no escrito, é unha aprobación plenaria e polo tanto hai unha cuestión formal. Dende o meu punto de vista é unha decisión de Pleno e aquí está o secretario do Pleno para o dicir. Polo tanto esta publicación adoece dun defecto, é nula de pleno dereito porque non se adoptou polo órgano competente.

Logo hai un tema de fondo. O Sr. Font dinos a nós e tamén os veciños de San Roque que están aquí que para eles segue sendo festivo San Roque. Mentira, podemos facer a festa de San Roque pero o sábado é un día laboral. Os políticos non temos

horario, para a maioría dos funcionarios é un día non laborable, non para os que traballan en distintos sectores como o sanitario ou outros, pero hai un sector importante como é o do comercio. Maximo que llo comunicarán porque a min mo dixo algún membro desa comisión, a Comisión de Comercio da Cámara reuniuse a pasada semana diante do anuncio nos medios de comunicación e acordaron, segundo me trasladou a min algún asistente a esa comisión aínda que non fose de xeito oficial, que lle van solicitar ó alcalde cambiar, queixándose do cambio do festivo e sobre todo queixándose de non o consultar.

Vostedes din que é festivo, mentira, festivo non é porque para a xente que traballa é un día laboral e a xente do comercio sábeo. Segundo, nós dende logo non imos entrar na polémica de se a festa do Carme, Santa Lucía ou Santa Ana; non imos polemizar sobre a tradición mariñeira. Sinxelamente dicimos que a importancia da Ermida de San Roque data do ano 1598 e tamén sabemos que esta festa se remonta a 1622, promovida por don Gaspar Méndez de Soutomaior como consecuencia precisamente dunha peste que asolou a cidade e dende ese intre se considera un punto de encontro non só de importancia para Vigo, senón que para toda a comunidade.

É importante a nosa tradición, ó mellor ó Grupo Socialista e en concreto ó señor alcalde que non naceu nesta cidade, que ó mellor unha romaría como esta, logo de estar en Cambridge... En todos os grupos pode haber xente á que lle sexa máis descoñecida, non se ofenda que non o estou atacando, máis ben o que lle estou é desculpando de que non tivera en conta a importancia que para os vigueses pode ter esta festa. Para os que nacemos aquí, para os que no naceron pero que se integraron perfectamente na cidade e para os que teñen en conta a cultura e a tradición da cidade de Vigo, hai que dicir que a festa de San Roque é unha das festas máis tradicionais e máis entrañables.

Que sexa sábado non pode evitar que se constitúa como día festivo posto que houbo outros casos ó longo destes anos nos que coincidiu o 16 de agosto en sábado e celebrouse, polo tanto non coidamos que ese sexa un motivo de cambio. A Asociación de Veciños está en contra, a Cámara de Comercio tamén e ademais nos parece que non se pode adoptar un cambio en cousas tan importantes como son os festivos locais, nós que apostamos polas tradicións polos costumes, non podemos deixar a un lado estas cuestións e dicir que xa se verá.

Estamos no momento do arranxar aínda que non sei que arranxo terá isto unha vez publicado, iso verano os xurídicos porque non estamos a falar dunha decisión a adoptar na que teñamos tempo para falar ou pensar. Estamos a falar dunha decisión que maximo que tomou este goberno a través dunha resolución da Alcaldía porque que eu saiba por Xunta de Goberno non pasou, agás que fose fóra da orde do día e non nolo comunicaran á oposición, cousa que tamén pode pasar. Que eu saiba se tivo que adoptar por resolución do señor alcalde algo que é competencia de Pleno. Está ben que non nos deixen ver os expedientes de Xunta de Goberno, que non nos deixen ver os expedientes de Pleno, pero non está ben porque non é legal que se adopten acordos sen ter a competencia.

Non estamos de acordo co fondo, tampouco coas formas e o texto da moción é moi claro: “Que o goberno rectifique e manteña a festividade de San Roque que se celebra o 16 de agosto como festivo laboral con carácter local”. Isto é o que sometemos a votación e non nos poden acusar de que aceptemos ou non porque foron vostedes os primeiros nunha decisión que en toda a vida democrática que ten Vigo foi a primeira vez que este acordo non se adopta no Pleno.

Polo tanto nós presentamos esta moción urxente, cremos que está motivada a urxencia por esta publicación no BOP e que cada grupo se defina. Nós xa nos definimos presentando esta moción e, aínda que por suposto pode haber xente a favor e xente en contra, cremos que está xustificada por manter as tradicións e queremos que se someta a votación.

As intervencións da Sra. Molares Pérez son aplaudidas por parte do público asistente no salón, tendo que pedir a Presidencia que se absteñan de facer manifestacións.

SR. SECRETARIO DO PLENO: Unicamente para clarear a competencia do órgano. Efectivamente o artigo 46 do RD 2001/1983, di que os festivos locais se adoptarán pola autoridade laboral competente a proposta do Pleno das Corporacións respectivas.

A PRESIDENCIA: Dada esta situación e polo tanto asumindo que a decisión do Pleno adoptada no seu momento é a válida neste momento, vou propoñer ós dous grupos

que conforman o goberno que votemos a favor da proposta dende o convencemento de que o que se pretendía non era cambiar a data, senón facer que este sábado puidera ser máis globalmente festivo para todos.

En todo caso non hai ningunha diferenza de fondo, para nós o día 16 de agosto é un día festivo laboral con carácter local de enorme importancia nesta cidade porque é o día de San Roque. Sometemos a votación a moción proposta pola Sra. Molares no nome do Partido Popular.

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vintecinco membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constitúen de dereito e de feito,

ACORDASE:

Aprobar a moción presentada pola concelleira do Grupo municipal do Partido Popular, Sra. Molares Pérez, no sentido de manter a festividade de San Roque, que se celebra o 16 de agosto, como festivo laboral con carácter local. “

15.- (145).- ROGOS E PREGUNTAS.

* REITERACIÓN PREGUNTA DO CONCELLEIRO DO GRUPO POPULAR, SR. COELLO BUFIILL, RELATIVA Á SINALIZACIÓN DE TRÁFICO NA PARROQUIA DE CORUXO.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 29 de outubro, o concelleiro do Grupo municipal do Partido Popular, Sr. Coello Bufill, formula a seguinte pregunta:

"O Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais ditamina no seu título III, artigo 97, que as preguntas oralmente formuladas no transcurso dunha sesión, serán xeralmente contestadas polo seu destinatario na seguinte sesión, sen prexuízo de que o preguntado queira darlle resposta inmediata.

Tendo en conta este regulamento e logo de solicitar na sesión ordinaria do mes de agosto, realizada o pasado 3 de setembro de 2007 a seguinte pregunta oral "*Recentemente realizouse na parroquia de Coruxo unha sinalización vertical e horizontal coa pintura de paso de peóns sen semáforos no acceso ó camiño de Breadouro. Prégolle Sr. Alcalde que nos faga chegar se é posible o informe técnico que avala esta decisión*".

E non tendo obtido resposta no prazo que se determina neste regulamento, solicítolle se lle dea resposta de xeito inmediato a esta pregunta."

SR. FIGUEROA VILA: O día 3 de setembro do ano 2007 fíxose unha pregunta a este Pleno; seguimos sen contestación e como nos parece importante volvemos repetila. En calquera caso fixémosla de xeito oral pero agora lle imos entregar ó señor alcalde a pregunta por escrito.

O Sr. Figueroa Vila procede a ler o texto da pregunta que se transcribe nos antecedentes.

* ROGO DA MEMBRO DO GOBERNO, SRA. SILVA REGO, RELATIVO A MANIFESTACIÓNS HABIDAS NO PLENO.

INTERVENCIÓN DA SRA. SILVA REGO: Señor alcalde, quero facer un rogo a todo o Pleno porque eu son nada en Vigo, o meu pai tamén, a miña nai naceu en Lugo pero vive en Vigo; teño moitos amigos e amigas que naceron en Vigo e fóra de Vigo pero viven aquí, séntense vigueses, participaron sempre activamente na festa local de San Roque que é unha festa dos 300.000 cidadáns que viven en Vigo. Vigo é unha cidade integradora, plural, unha cidade que acubilla a todo o mundo e fai que todos e todas nos sintamos vigueses e viguesas e rogo que quede claro que todo o que viva aquí, nacera onde nacera, é de aquí, é copartícipe de todas as tradicións, de toda a cultura e de todo aquilo que nos une.

Outro tipo de declaracións parécenme graves e por iso fago o rogo de que nunca máis se volvan facer. Moitas gracias.

* PREGUNTAS DA CONCELLEIRA DO GRUPO POPULAR, SRA. LARRIBA LEIRA, RELATIVAS A COMPROMISO ELECTORAL DE CLASES DE IDIOMAS PARA NENOS.

ANTECEDENTES.- Con data de entrada no Rexistro Xeral do 29 de outubro, a concelleira do Grupo municipal do PP, Sra. Larriba Leira, formula as seguintes preguntas:

"Os compromisos electorais do PSdeG que foron posteriormente corroborados no pacto de goberno co BNG nos que se facía fincapé na importancia da formación en idiomas e prometían para todos os nenos vigueses, a partir dos seis anos, tres clases extra-escolares de conversa con filólogos e nativos por conta do Concello co obxectivo de facilitar a aprendizaxe do idioma e a obtención dun dominio fluído do inglés cando rematen o bacharelato. Para isto o alcalde asegurou que ós alumnos de todos os centros vigueses de xeito opcional recibirían seis horas adicionais de docencia en inglés.

PREGUNTAS:

- 1.- Por que un dos proxectos estrela do programa do goberno municipal ponse agora en marcha só como experiencia piloto?
- 2.- Por que non está programada esta actividade para todo o curso, senón en principio para os meses de novembro e decembro do presente ano?
- 3.- Por que non se fixo extensivo a todos os cursos de educación primaria, senón só ós alumnos de sexto curso?
- 4.- Por que das seis horas lectivas anunciadas impartiranse agora só tres horas semanais?
- 5.- Que criterios xustifican que se oferte a incorporación a este programa educativo municipal de aulas internacionais só a 45 dos 84 centros docentes da cidade e non se fai extensivo a todos os nenos e nenas de educación primaria, deixando fóra a máis da metade dos escolares vigueses? e por que se elixiu un horario que dificulta a asistencia dos nenos matriculados en centros diferentes ós seleccionados?
- 6.- Por último, cal foi o procedemento de selección do profesorado que impartirá este programa experimental e cal o procedemento administrativo para a súa contratación?"

A Sra. Larriba Leira procede a ler o texto do escrito que se transcribe nos antecedentes.

INTERVENCIÓN DA SRA. LÓPEZ ATRIO: En resposta a todas as súas preguntas, agradézolle a oportunidade de explicar un pouco este programa porque é ben certo que era algo non existente e que por suposto que poñelo en marcha precisa explicación, sobre todo para que todo o mundo saiba que é o que se vai facendo e o que se fará ó longo dos catro anos.

Este proxecto estrela converteuse nun programa educativo ó longo do traballo de

todo un verán con dificultades engadidas das vacacións e demais, menos eu que estiven sen vacacións, atendendo a poñelo de xeito inmediato en práctica. Recibín por suposto a todas as persoas e empresas que unha vez coñecida esta intención quixeron achegarse á Concellería de Educación.

Non se pon o programa en marcha como experiencia piloto, en absoluto; ponse en marcha tendo en conta a situación económica na que nos atopamos neste primeiro trimestre deste curso, entón o que temos que facer é dúas fases; a primeira atendendo ós medios económicos cos que contamos e co tempo de que tamén se dispón, facer un contrato menor para poder sacar adiante só en outubro, novembro e decembro a situación.

De todos os xeitos ten unha segunda fase que será a do próximo curso a partir de xaneiro, cos orzamentos axeitados terá o seu desenvolvemento cun prego de condicións aberto a todo o mundo que queira concursar.

Polo tanto o programa non é unha experiencia piloto aínda que sempre que se empeza algo un ten que testar os resultados para poder ver se na segunda fase se debe cambiar, se debe continuar con el, mellorar, etc. Sen dúbida o tempo non permite facelo perfecto pero eu penso que está ben elaborado. Esperemos melloralo moito de seren posible.

Está polo tanto explicado que si está programada a actividade durante todo o curso en dúas fases. A segunda comezará en xaneiro mediante un prego de condicións ó que se pode achegar calquera empresa ou persoa que o desexe.

Fíxose extensivo a todos os cursos nos que se puido organizar porque este é un programa educativo do Concello que non pode ser dado en horario escolar senón que ten que ser fóra. Con tal motivo había unha serie de condicións xa dadas, porque as actividades extra-escolares estaban programadas por parte dos pais e polo tanto había que acondicionar a situación temporal para poder ofertar á maioría dos rapaces estes cursos. Coidamos que era importante empezar polos de 5º-6º, non só 6º, senón que é o segundo ciclo, aqueles nenos que quixeran acudir logo de levar a información a casa, de presentar a súa solicitude e debo dicir que non hai menos de 43 centros que o solicitaron.

Neste momento aínda poden chegar os dous restantes ou ó mellor non lle foi posible organizalo axeitadamente, pero son 43 centros públicos os que solicitaron a presenza do profesorado de inglés que temos programado só de conversa.

Fálame de seis horas/tres horas. Direille que seis horas fano semanal en conxunto coas que reciben de xeito regrado, pero un neno non pode recibir seis horas semanais da mesma actividade senón que como moito tres e fanse en fases de hora e media cada unha porque a conversa é actividade lúdica, participativa e se fose de menos horario suporía máis dificultades para o levar á práctica sobre todo porque se iría o tempo rapidamente. Así que as seis horas dánse pero con regrada e non regrada.

Este programa ten as seguintes características: A adecuación do número de profesores que se precisan e do perfil necesario para os contratar, tendo en conta que queremos que sexa o mellor profesorado posible, tívose en conta tanto o seu currículum como a súa práctica educativa, é dicir, son xente con experiencia en educación, de feito verdadeiramente coido que é un profesorado moi ben elixido pola experiencia que teño dos ver traballar.

A segunda cuestión é que tamén se redactan as primeiras unidades didácticas con todo o material necesario para o levar a cabo neste primeiro trimestre. Xa están elaboradas.

Tamén se caracterizan todas as aulas que o solicitaron converténdooas en aulas internacionais con obxectos móbiles, con debuxos e personaxes.

Por último, había que definir as aulas que se levarían cara adiante porque dependía da solicitude, en función dos pais, das ANPAS e do tempo que tiñamos para o organizar. Así que coido que foi realmente moi solicitada tendo en conta que os colexios públicos son un total de 45 no grao de infantil-primaria e polo menos se recibiron as solicitudes de 43 deles.

Pretendemos a seguir que no próximo orzamento, que xa está previsto, se poida atender ó programa na súa totalidade ata fin de curso. Por suposto que o queremos facer ben para que non haxa que volver atrás ou facer as cousas inaxeitadamente. Por iso, se vostedes me permiten, só levamos organizando este tema dous meses polas dificultades das vacacións engadidas a máis cousas, saben vostedes non dá para facer demasiado pero si que coido que está moito máis aló do que o tempo podería pedir.

En canto ós criterios para elixir os centros, temos que dicir que de momento en todos os centros públicos non nos permitía pensar en nada máis o orzamento deste ano. Coidamos que se fose posible no futuro avanzaríase a máis centros.

En canto a por que se elixiu un horario que dificulta a asistencia ós nenos matriculados en centros diferentes, non hai tal cousa. O horario elixiuse a proposta das asociacións dos pais, nós non puxemos o horario, nin os días, foron eles pero recoñecendo que todos os nenos e nenas teñen opción a ir no seu centro, así que non teñen por que se trasladar en principio de centro.

Por último, en canto ó procedemento de selección do profesorado, teño que dicir que foi recibir todas as solicitudes e a través do seu currículum, que é verdadeiramente extraordinario, e da súa práctica educativa que nos parece moi importante porque non só saber falar inglés abonda para ensinar a o falar.

En canto ó procedemento administrativo para a contratación xa o dixen: contrato menor e estamos co prego de condicións aberto a todas as empresas ou persoas que se queiran presentar a partir de xaneiro co novo orzamento.

SRA. LARRIBA LEIRA: A miña pregunta é se a pregunta non ten réplica.

A PRESIDENCIA: Non, é unha pregunta e está respondida, pódese respostar de xeito oral ou escrito.

E sen ter máis asuntos para tratar, o Sr. Presidente deu por rematada a sesión, ás doce horas e cincuenta e cinco minutos, da que se redacta a presente acta; como secretario dou fe do seu contido e incorpórase ó libro de actas do Pleno autorizada coa miña sinatura e máis a do Excmo. Sr. Alcalde-Presidente, conforme ó previsto no artigo 110.2 do RD 2568/1986.

kv/rs.

O ALCALDE,

O SECRETARIO XERAL DO PLENO,

Abel Caballero Alvarez

José Riesgo Boluda.

DILIXENCIA:

Esténdese para facer constar que a presente acta corresponde á sesión ordinaria do Pleno do día 29 de outubro de 2007. Consta de 37 folios da serie A numerados do 1593806 ao 1593842, e números do 503 ao 539 Aprobouse na sesión ordinaria do Pleno do día 20 de decembro de 2007.

Vigo, a 20 de decembro de 2007
O SECRETARIO XERAL DO PLENO,

José Riesgo Boluda